



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 26 de xuño de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e seis de xuño de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(484).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 18 de xuño de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde–presidente.

**2(485).- REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 6465/241.**

Dáse conta do informe-proposta do 23/06/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, pola concelleira delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLRSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición hacia unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.



- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de marzo de 2015, acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación dos Servizos de Dinamización Infantil ( expte 4156/336) a CLECE S.A.

O contrato formalizouse na data 15 abril de 2015 . A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 16 de abril de 2015 e terá unha duración de catro anos. Están previstas 2 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Con data 21 de febreiro de 2019 foi aprobada pola Xunta de Goberno Local a primeira prórroga do contrato que abarca dende 16 de abril de 2019 ata o 15 de abril de 2020.

Con data 20 de febreiro de 2020, foi aprobada pola Xunta de Goberno Local a segunda prórroga do contrato dende o 16 de abril de 2020 ata o 15 de abril do 2021,

**Segundo.-** En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

**Terceiro.-** Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

**Cuarto.-** Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Quinto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

**Sexto.-** O Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dous apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

**Sétimo.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

*“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a XESTIÓN DOS SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL (4.156-336), formalizado con CLECE, S.A., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.*

*2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.*

**Octavo.-** O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo establece, no seu artigo 3, a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, a proposta, no seu caso, das comunidades autónomas e, á vista da evolución de indicadores.

**Noveno.-** Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

**Décimo.-** Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición cara a unha nova normalidade.

**Undécimo.-** En data 23 de xuño de 2020, a Xefa do Servizo de Xuventude informa o seguinte:

**”(…)ANTECEDENTES**

*I. A situación de emerxencia sanitaria creada pola evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 obrigou a adopción das medidas preventivas en materia de saúde pública e o peche ao público de determinados centros:*

*Resolución de Alcaldía do 12 de marzo, pola que se acorda o peche dunha serie de instalacións municipais, entre elas, os Espazos de Dinamización Infantil da Concellería de Xuventude.*



## Concello de Vigo

*Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria de interese galego. Neste decreto suspéndense actividades nos establecementos abertos ao público.*

*O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e sucesivas prórrogas, polo que se declara o estado de alarma no ámbito do estado, que limita a liberdade de circulación das persoas e suspende a apertura ao público de museos, arquivos, bibliotecas, establecementos de ocio, etc.*

*II. O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 recolle, no seu artigo 34, medidas en materia de contratación pública, establecendo que os contratos públicos de servizos e de subministros de prestación sucesiva, vixentes á entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña a imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo, quedarán automaticamente suspendidos dende que se producira a situación de feito que impide a súa prestación e ata que dita prestación poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, tendo cesado as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.*

*III. Como consecuencia disto, a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020**, adoptou o seguinte acordo:*

**16.- DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE TOTAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DOS SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE, COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6465/241.**

*“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a XESTIÓN DOS SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL (4.156-336), formalizado con CLECE, S.A., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.*

*2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.*

*IV. O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, modifica o dito Real Decreto 463/2020, e establece, no seu artigo 3 a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, e á vista de evolución de indicadores.*

*V. Mediante Resolución da Alcaldía-Presidentencia de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a*

apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

VI. En cumprimento do ordenado, o Servizo de Xuventude púxose en contacto coa adxudicataria do servizo CLECE S.A) coa finalidade de que se poidan ir adoptando as medidas oportunas para a próxima apertura dos Espazos de Dinamización Infantil, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización dos mesmos á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento.

A empresa presentará o Plan de prevención de riscos para o seu persoal, así como unha proposta da planificación da organización do funcionamento do centro e medidas a adoptar co fin de minimizar o risco de contaxio da COVID19, conforme coa normativa vixente.

A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

## **INFORME**

### **1. Tipo de contrato e formalización.**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **23 de marzo de 2015**, acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación dos Servizos de Dinamización Infantil, expte 4156/336 a CLECE S.A a.

O contrato formalizouse na data 15 abril de 2015. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 16 de abril de 2015 e terá unha duración de catro anos.

Están previstas 2 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Con data 21 de febreiro de 2019 foi a probada pola Xunta de Goberno Local a primeira prórroga do contrato que abarca dende 16 de abril de 2019 ata o 15 de abril de 2020.

Con data 20 de febreiro de 2020, foi aprobada pola Xunta de Goberno Local a segunda prórroga do contrato dende o 16 de abril de 2020 ata o 15 de abril do 2021,

Polo seu obxecto é un contrato de servizos segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

A responsable do contrato é a xefa do Servizo de Xuventude, conforme co establecido no apartado 1.C das FEC do PCAP.

2.- O obxecto do contrato conforme ao PCAP é o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil para nenos e nenas de idades comprendidas entre os 4 e 12 anos.

As finalidades dos traballos a prestar en dous espazos diferenciados concréntanse en:

1) Ofrecer actividades e recursos para o tempo libre dos nenos/as.

2) Fomentar a cooperación e participación social dos nenos/as, aumentar a comunicación e mellorar o nivel de relación.

3) Estimular a creatividade través da expresión oral, plástica, etc.

4) Fomentar os hábitos de:

- Hixiene, convivencia.

- Organizar actividades orientadas ao desenvolvemento cognitivo, psicomotor, creativo e afectivo dos nenos e nenas .



- Promover hábitos e comportamentos relacionados con estes valores: respecto, convivencia, colaboración, responsabilidade, autonomía, igualdade, solidariedade, pluralidade, tolerancia, educación e respecto pola diversidade.
- Educar para a saúde, potenciando actitudes de hixiene e nutrición saudables .
- Dispoñer de espazos de interrelación, traballando en grupos naturais e impulsando aspectos que faciliten a integración e a convivencia entre os/as usuarios/as.
- Traballar dende un punto de vista de prevención específico, tratando de captar as necesidades da poboación infantil do entorno

3.- Prestacións que abarca o obxecto do contrato definidas no prego de prescricións técnicas particulares (PPT). Segundo o apartado III do PPT A.- ACCIÓNS A DESENVOLVER, o contratista comprometerase a desenvolver as seguintes actividades en dous espazos diferenciados para un máximo de 50 nenos e nenas/ espazo/día :

- 1) Realización de obradoiros.
- 2) Realización de actividades de exterior e excursións baixo a supervisión de monitores/as.
- 3) Realizar actividades de animación.
- 4) Organizar accións culturais e lúdicas.
- 5) Participar en iniciativas de interese que se desenvolvan na cidade.
- 6) Levar rexistro de materiais e altas e baixas de socios/as.

#### **4.- Declaración de suspensión e data na que se produciu.**

A Xunta de Goberno Local , na **sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

#### **16.- DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE TOTAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DOS SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE, COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6465/241.**

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a XESTIÓN DOS SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL (4.156-336), formalizado con CLECE, S.A., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

#### **5.- Reanudación da prestación do servizo**

De conformidade co exposto nos antecedentes, as circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo como consecuencia das restricións impostas á cidadanía desde a declaración do estado de alarma e as sucesivas prórrogas, fóronse flexibilizando logo da aprobación mediante acordo do 28 de abril do Consello de Ministras e Ministros de aprobación do Plan para a desescalada, mediante a publicación das seguintes normas: o Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, de prórroga do estado de alarma (art 3) A Orde SND/ 399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito

nacional en aplicación da Fase 1, e a Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da Fase 2.

*Segundo a Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma. Permítese a realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil (medidas de hixiene e prevención, ao aire libre máx. 50% da capacidade habitual e 200 participantes incluíndo monitores, se espazos pechados máx. 1/3 da capacidade habitual e 80 participantes incluíndo monitores, organización dos participantes en grupos de ata 10 persoas incluído monitor*

*Xa que logo, coa desescalada e a conseguinte relaxación das limitacións que impedían a execución, resulta motivada a reanudación das prestacións, para o que resulta necesaria a presenza do persoal adscrito ao contrato.*

*A reanudación total da execución permitirá que nos centros obxecto do contrato se leven a cabo, entre outras prestacións:*

*A preparación das instalacións para a atención presencial dos/das nenos e nenas de 4 a 12 anos, reducindo a participación a 30 en cumprimento das directrices de redución de aforo. A reanudación total dos servizos de dinamización infantil de acordo coas indicacións da Concellería delegada de Xuventude.*

*As actividades de dinamización infantil reactivaranse nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a súa organización á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa concellería de Xuventude*

*Dado que a normativa permite a realización de actividades de tempo libre , desde o Servizo de Xuventude realizáronse as xestións necesarias para que, en coordinación coa empresa adjudicataria, se adopten as medidas oportunas e se organice o funcionamento dos centros conforme a normativa vixente en cada momento. Por todo isto, valoramos que a data adecuada para reiniciar a prestación do servizo adjudicado sería o 22 de xuño, posto que o día 1 de xullo, están programadas actividades de campamentos de verán en ditos espazos, polo que considérase necesario dispor de unha semana anterior ao inicio dos mesmos, para que a empresa adjudicataria adecúe os espazos e materiais dos mesmos ás actividades a desenvolver nos campamentos.*

*.Segundo a Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma. Permítese a realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil (medidas de hixiene e prevención, ao aire libre máx. 50% da capacidade habitual e 200 participantes incluíndo monitores, se espazos pechados máx. 1/3 da capacidade habitual e 80 participantes incluíndo monitores, organización dos participantes en grupos de ata 10 persoas incluído monitor .*

**6.- Proposición de reanudación total da prestación do contrato e data na que se produce.**





**Concello de Vigo**

**Data efectiva da reanudación: 29 de xuño de 2020.**

*De conformidade coas consideración anteriormente expostas e ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo por mor da entrada en vigor de novas disposicións de flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade, cómpre informar que resulta procedente:*

- A reanudación total do contrato de servizos que o Concello de Vigo ten asinado coa empresa CLECE S.A, adxudicataria da xestión do Servizo de Dinamización Infantil, suspendido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 (expte 6465/241), nos termos expostos, por ter cesado as medidas que impedían a súa execución.
- Que se practiquen as actuacións necesarias para reanudar a prestación obxecto do contrato, con efectos desde o luns 29 de xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Xuventude, limitando o aforo a 30 participantes, organizando aos participantes en grupos de ata 10 persoas incluído o monitor/a. (...)"

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

**REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19**

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspende a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte as resolucións da alcaldía de datas 12, 14, e 15 de marzo de 2020, acórdase o peche ao público da Casa da Xuventude, Pavillón de Coia, Ludotecas nas sedes de APAMP, CRAC Coruxo e AVDC de Lavadores e Centro de usos múltiples Vigosónico.

O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, no seu artigo 3 establece o seguinte:

*“En aplicación del Plan para la desescalada de las medidas extraordinarias adoptadas para hacer frente a la pandemia de COVID-19, aprobado por el Consejo de Ministros en su reunión e28 de abril de 2020, el Ministro de Sanidad, a propuesta, en su caso, de las comunidades autónomas y de las ciudades de Ceuta y Melilla, y a la vista de la evolución de los indicadores sanitarios, epidemiológicos, sociales, económicos y de movilidad, podrá acordar, en el ámbito de su competencia, la progresión de las medidas aplicables en un determinado ámbito territorial, sin perjuicio de las habilitaciones conferidas al resto de autoridades delegadas competentes. La regresión de las medidas hasta las previstas en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, se hará, en su caso, siguiendo el mismo procedimiento. (...)”.*

A Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional no seu artigo 43 establece as condicións para a realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

Dito artigo 43 establece que: *“1. Se podrán realizar actividades de tiempo libre destinadas a la población infantil y juvenil, siempre que se garantice el cumplimiento de las recomendaciones de prevención e higiene del Ministerio de Sanidad y la disponibilidad de un procedimiento para el manejo de posibles casos de COVID-19; así como aquellas otras condiciones que, en su caso, establezca la autoridad competente de la comunidad autónoma en la que se realicen dichas actividades.*

*2. Cuando el desarrollo de las actividades previstas en el apartado anterior se lleve a cabo al aire libre, se deberá limitar el número de participantes al cincuenta por ciento de la capacidad máxima habitual de la actividad, con un máximo de doscientos participantes, incluyendo los monitores.*

*Cuando las citadas actividades se realicen en espacios cerrados, se deberá limitar el número de participantes a un tercio de la capacidad máxima habitual de la actividad; con un máximo de ochenta participantes, incluyendo los monitores.*

*3. Durante el desarrollo de las actividades se deberá organizar a los participantes en grupos de hasta un máximo de diez personas, incluido el monitor.*

*En la medida de lo posible, las actividades e interacciones se restringirán a los componentes de cada uno de estos grupos.”*

Mediante resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

O servizo xestor informa que, ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo por mor da entrada en vigor de novas disposicións de flexibilización das restriccións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición



**Concello de Vigo**

cara unha nova normalidade, cómpre informar que resulta procedente a reanudación total do contrato con efectos desde o luns 22 de xuño de 2020 nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Xuventude, limitando o aforo a 30 participantes, organizando aos participantes en grupos de ata 10 persoas incluído o monitor/a.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a reanudación da execución do contrato de xestión dos servizos de dinamización infantil (4.156-336), o luns 29 de xuño de 2020 nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Xuventude, limitando o aforo a 30 participantes, organizando aos participantes en grupos de ata 10 persoas incluído o monitor/a.

**-II-**

## **COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### **ACORDO**

*“1º.- Reanudar a execución total do contrato de xestión dos servizos de dinamización infantil (4.156-336) o luns, 29 de xuño de 2020 nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Xuventude, limitando o aforo a 30 participantes, organizando aos participantes en grupos de ata 10 persoas incluído o monitor/a.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(486).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA MENORES FILLAS/OS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9846/224.**

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en de data 18/06/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 30 de abril de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Autorizar a tramitación do presente procedemento ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, e prorrogado polos RD 476/2020 e RD 487/2020 ao ter por obxecto a contratación dun servizo que responde a unha necesidade vinculada directamente a feitos do estado de alarma, que é precisa para o interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos públicos, e ao abeiro do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020.*

*2º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*3º.- Autorizar o gasto de 14.938,06 € para a contratación da xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á partida presupostaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dos exercicios 2020 e 2021, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 3.734,52 €, e no exercicio 2021 imputarase 11.203,54 €, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.*



## Concello de Vigo

4º.- *Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero de data 14.04.2020, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 10.03.2020”.*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 3 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.- L.P.	95 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P. (B-36.847.242), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P., o día 3 de xuño de 2020, que presenta a documentación requirida os días 9, 11 e 12 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de xuño de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 29 de maio de 2020 e co acordo da Mesa de Contratación de data 3 de xuño de 2020 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Consta no expediente informe asinado pola axente e Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade de data 17 de xuño de 2020 sobre a proposición avaliable a través de fórmula.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P. (B-36.847.242) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224) coas seguintes condicións:*

- 1. O prezo total do contrato é de 14.648'40 euros, exento de IVE.*
- 2. Acredita un incremento da experiencia laboral na atención psicolóxica directa a menores vítimas da violencia de xénero dos medios persoais adscritos ó contrato a maiores da esixida no apartado 5.F) desta FEC, de 10 anos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*



**Concello de Vigo**

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(487).- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DA INSTALACIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PUBLICITARIA EN SOLO PÚBLICO DO TERMINO MUNICIPAL DE VIGO DE MARQUESINAS PARA PARADAS DE AUTOBÚS, SOPORTES DE INFORMACIÓN E DEMAIS ELEMENTOS URBANOS DE INTERESE E USO PÚBLICO. EXPTE. 6449/241.**

Dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS)
- Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais
- RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
  
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020)
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da instalación, conservación e explotación publicitaria en solo público do termo municipal de Vigo de soportes de información, marquesinas para paradas de autobús e demais elementos urbanos de interese e uso público (PCAP)

S.ord. 26/06/2020

- Prego de prescricións técnicas particulares do para a contratación da instalación, conservación e explotación publicitaria en solo público do termo municipal de Vigo de soportes de información, marquesinas para paradas de autobús e demais elementos urbanos de interese e uso público (PPT)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de maio de 2007, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a El Mobiliario Urbano, S.L. o concurso para a instalación, conservación, e explotación publicitaria en solo público de marquesiñas para paradas de autobus, soportes de información e demais elementos urbanos de interes expte 72280-210, as características máis suliñables do contrato son:*

*O canón a aboar o concello deVigo será de 160 euros/metro cadrado de publicidade comercial. A superficie ofertada para publicidade comercial é de 970,20 m2 e a destinada a información é de 2.444,76 m2.*

*O número de marquesiñas a instalar antes do 31-12-2007 é de 277, das que 180 levaran publicidade.*

*O número de pantallas informativas dixitais será de 160.*

*O número de postes de parada de autobus será de 1500.*

*90 soportes de informacións estática tipo MUPI.*

*10 soportes de información estáticos tipo columna.*

*11 soportes de información interactivos.*

*14 paneis informativos electrónicos modelo hydra.*

*14 paneis informativos de ocupación de aparcadoiros públicos.*

*8 aseos automáticos de acceso universal.*

*30 soportes de libre expresión modelo hydra.*

*En canto as melloras ofertadas serán as recollidas no apartado 10 do tomo 2 da súa oferta económica.”*

Este contrato formalizouse o 17 de xuño de 2007.

**Segundo.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Terceiro.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19. -

O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.





## Concello de Vigo

**Cuarto.-** En data 27 de marzo de 2020, D. Carlos Barón Thaidigsmann, con DNI 36.068.071-T, actuando en nome e representación de JCDECAUX ESPAÑA, S.L.U., presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude rexistrada co nº 200045504 de declaración de imposibilidade de execución do contrato de INSTALACIÓN, CONSERVACIÓN, EXPLOTACIÓN PUBLICITARIA EN SOLO PÚBLICO DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO DE MARQUESINAS PARA PARADAS DE AUTOBÚS, SOPORTES DE INFORMACIÓN E DE-MAIS ELEMENTOS URBANOS DE INTERESE E USO PÚBLICO (78.220-210) como consecuencia das medidas adoptadas con ocasión da crise do coronavirus COVID-19. Acompaña ao escrito poder de representación.

**Sétimo.-** O 16 de maio de 2020 a xefa do Servizo de Transportes emite informe en relación co escrito presentado. Este informe é completado por outro de data 18 de xuño de 2020, que se transcribe a continuación:

*“A empresa El Mobiliario Urbano S.L.U. ( actualmente denominada JCDecaux España, S.L.U. ) e a adjudicataria do concurso para a contratación da instalación, conservación e explotación publicitaria en solo publico do termino municipal de Vigo de marquesinas para paradas de autobús, soportes de información y demais elementos urbanos de interese e uso publico de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 18 de maio de 2007 e rubricada mediante contrato de data 15 de xuño de 2007. Na data 8 de agosto de 2018 comunican que con data 27 de xuño de 2018, procedeuse a modificar o cambio de denominación social, mediante el cual a entidade el Mobiliario Urbano S.L.U. pasa a denominase JCDecaux España S.L.U mantendo o mesmo NIF.*

### A ) SOLICITUDE

*En data 30 de marzo de 2020 remítese para informe deste servizo, a solicitude presentada na mesma data por JCDecaux España, S.L.U. cuio contido e o seguinte:*

*“1.-Tenga por comunicado que, en los términos expresados y justificados en este escrito, concorre una causa excepcional y totalmente imprevisible que ha afectado al normal desarrollo del Contrato y determina que sea imposible e inviable su ejecución en sus términos ordinarios mientras permanezca tal situación, pues es imposible el normal desarrollo de la gestión de la explotación publicitaria de los elementos de mobiliario urbano que integran el Contrato y, con ello, la obtención de ingresos mediante la misma, que constituye la esencia y base económica del Contrato y sin la cual es inviable la continuidad del mismo. Por ello, se solicita de forma expresa, conforme a lo previsto en el artículo 34.4 del RDL 8/2020 que se reconozca por la entidad a la que nos dirigimos la concurrencia de la imposibilidad de ejecución del Contrato en sus términos ordinarios, como consecuencia de la situación de hecho creada por el COVID-19 y las medidas adoptadas por el Estado, las Comunidades Autónomas y la Administración Local para combatirlo.*

*2. Tenga por comunicado que como consecuencia de la imposibilidad patente de ejecutar el Contrato en sus términos ordinarios, descrita en el punto anterior, entendemos que desde el 15 de marzo de 2020 y hasta que la situación se normalice,*

*han de entenderse suspendidos los derechos y obligaciones de las partes en el Contrato indicado en el apartado primero de este escrito, en particular todas las obligaciones económicas descritas en el apartado quinto (ii) del mismo, sin perjuicio de mantener la continuidad de los servicios de interés general prestados a los ciudadanos que en tal apartado se indican. Se manifiesta, en relación con esta cuestión que la Sociedad se encuentra a su entera disposición con el fin de que se pueda, de forma inmediata, confirmar los términos prácticos derivados de la suspensión de los efectos del contrato, según lo comunicado anteriormente, mientras permanezca la actual situación y consecuencias del COVID-19.*

*3. Tenga por comunicado que una vez se produzca la terminación de la actual situación como consecuencia del COVID-19 y sea posible la reanudación de la ejecución del Contrato en términos ordinarios, y una vez evaluados y constatados todos los aspectos económicos relevantes a estos efectos, se procederá a solicitar el restablecimiento del equilibrio económico-financiero del Contrato, mediante la adopción de las medidas indicadas en el artículo 34 del RDL 8/2020, en la legislación de contratos del sector público y en la que resulte además de aplicación.”*

#### **B) INFORME SERVICIO GESTOR**

*Examinado o contido da citada solicitude e consultados os pregos de condicións técnicas e administrativas que rexen o contrato informase o seguinte :*

##### **1) TIPO DE CONTRATO :**

*De conformidade co disposto no artigo nº 2 do prego de condicións xurídico administrativas que rexe o contrato :*

*“O contrato que se perfeccione constituirá unha concesión administrativa e se tipifica como un contrato de xestión de servizos públicos.”*

##### **2) OBXECTO DO CONTRATO :**

*De conformidade co disposto no artigo nº 1 do prego de condicións xurídico administrativas que rexe o contrato :*

*“Constitúe o obxecto do presente concurso a adxudicación da concesión da xestión de varios servizos a prestar aos usuarios e usuarias da vía pública mediante o deseño, fabricación, instalación, mantemento, conservación e, no seu caso, explotación publicitaria, dos elementos de mobiliario urbano definidos no Prego de Prescricións Técnicas Particulares que forman parte integrante deste prego.”*

##### **3) PRESTACIÓNS DO CONTRATO :**

*De conformidade co disposto no artigo 2 do prego de condicións técnicas, os elementos obxecto do contrato son:*

##### **MARQUESINAS:**

*Deseño, subministro, instalación, mantemento, conservación e explotación publicitaria dun total de 127 marquesinas de parada de autobús nas paradas que actualmente contan con ese mobiliario que deberán ser instalados como máximo nun prazo de 3*



## Concello de Vigo

*meses contados a partir da data de adxudicación: durante o primeiro trimestre do ano 2007 de até 100 marquesinas de parada de autobús adicionais para instalar en paradas que na actualidade non contén con este mobiliario e até 50 marquesinas antes do final do citado ano no caso de seren necesarias; Instalación en cada un dos sucesivos anos da concesión de 25 marquesinas cando así o demande o Concello.*

### **POSTES DE PARADA**

*Deseño, subministro, instalación e conservación de novos postes de parada de autobuses que se localizarán naquelas paradas nas que por razóns de espazo non sexa posible a instalación dunha marquesina e sen que o número ofertado en ningún caso poida ser inferior a 1000 postes.*

### **SOPORTES DE INFORMACIÓN ESTÁTICOS E INTERACTIVOS**

*Deseño, subministro, instalación, mantemento, conservación e explotación publicitaria de 100 soportes de información e 10 interactivos.*

### **PANEIS ELECTRÓNICOS**

*Deseño, subministro, instalación, mantemento e conservación de 8 paneis electrónicos de información*

### **PANEIS DE INFORMACIÓN APARCADOIROS**

*Deseño, subministro, instalación, mantemento e conservación de 10 paneis de información de aparcadoiros*

### **ASEOS**

*Deseño, subministro, instalación, mantemento e conservación de 8 aseos .*

*Poderanse ofertar outros elementos adicionais de mobiliario urbano e servizos de utilidade que mellorasen os servizos públicos, como por exemplo papeleiras, elementos de recollida selectiva e contedores de pilas, etc.*

### **FINANCIAMENTO DO CONTRATO:**

*De conformidade co disposto no artigo 3. 2 do prego de condicións técnicas :*

*“O financiamento de todo o mobiliario e servizos, incluído a instalación e posta en funcionamento de todos os elementos urbanos, así como a limpeza e mantemento dos mesmos durante todo o período concesional, será exclusivamente a cargo do concesionario; como contraposición o concesionario terá dereito durante o prazo da concesión da explotación dos espazos publicitarios destinados para este efecto que deberán estar perfectamente definidos por los licitadores nos diferentes elementos propostos na súa oferta.*

*En calquera caso, ao obxecto de non saturar a cidade de publicidade, se establece unha superficie publicitaria total máxima que se fixa en 1.500 metros cadrados. Se determina así mesmo que a superficie total mínima de espazo destinado a información de uso exclusivo municipal en marquesinas e demais soportes informativos non debe ser inferior a 300 metros cadrados.”*

*E de conformidade co disposto no artigo 3 do prego de condicións xurídico administrativas :*

*“O Concello de Vigo non asumirá gasto algún relativo ao obxecto do contrato e non participará no financiamento das obras. Tampouco asegurará ao contratista rendemento algún relativo á explotación publicitaria nin outorgará ao concesionario subvención de clase algunha. En concreto, o adxudicatario asumirá ao seu exclusivo risco e ventura a explotación publicitaria daqueles elementos que así se determinen sen que a falta ou redución de explotación publicitaria por escasez da oferta ou redución dos seus prezos, poida alegarse que afecte en modo algún ao equilibrio económico da concesión.”*

#### **OBRIGACIÓNS DE CONSERVACIÓN**

*De conformidade co disposto no artigo 3. 3 do prego de condicións técnicas :*

*“O concesionario se compromete en manter á súa costa os elementos obxecto da concesión en perfecto estado de conservación durante toda a duración do contrato.*

*De igual forma o concesionario se compromete a manter a súa costa os citados elementos en perfecto estado de limpeza dende o momento da iniciación até o remate do contrato.”*

#### **CANON**

*De conformidade co disposto no artigo nº 8 do prego de condicións xurídico administrativas que rexe o contrato :*

*“O licitador ofertará ao Concello de Vigo unha achega económica en concepto de canón anual, que en ningún caso será inferior a 30 € por metro cadrado de publicidade comercial explotada. Considerarase automaticamente eliminado o licitador que incumpra o indicado.”*

#### **4 ) IDENTIFICACIÓN DAS PRESTACIONS CUXA EXECUCIÓN DEVEU IMPOSIBLE E XUSTIFICACIÓN DA CAUSA**

*Non procede informar este apartado xa que o mobiliario obxecto da concesión segue estando operativo e esta sendo utilizado polas persoas usuarias, especialmente as marquesinas e postes de parada como servizo anexo ao servizo de transporte urbano, servizo de prestación obrigatoria no estado de alarma.*

#### **5) NORMA QUE AVALA ESTA IMPOSIBILIDADE**

*Non procede informar este apartado por non considerarse a imposibilidade de prestación do servizo.*

#### **6) DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE MINIMA INDISPENSABLE PARA EVITAR PREXUICIOS A HORA DE REANUDAR O SERVIZO OU PARA EVITAR DANOS NAS INSTALACIONES MUNICIPAIS**

*Non procede informar este apartado por non suspenderse o servizo.*

#### **7) PROPOSICIÓN DE DECLARACIÓN DE SUSPENSIÓN TOTAL OU PARCIAL E DATA NA QUE SE PRODUCE**



## Concello de Vigo

*A empresa solicita de forma expresa:*

*1) conforme ao previsto no artigo 34.4 do RDL 8/2020 que se recoñeza a concorrencia da imposibilidade de execución do Contrato nos termos ordinarios, como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas e a Administración Local para combatilo xa que e imposible o normal desenvolvemento da xestión da explotación publicitaria dos elementos de mobiliario urbano que integran o Contrato e, con elo, a obtención de ingresos mediante a mesma.*

*2) que entendanse suspendidos os dereitos e obrigacións das partes no Contrato indicado no apartado primeiro do escrito, en particular tódalas obrigacións económicas descritas no apartado quinto (ii) do mesmo, sen perjuicio de manter a continuidade dos servizos de interese xeneral prestados aos cidadáns que en tal apartado se indican.*

*3) que finalizada a actual situación procederáse a solicitar o restablecemento do equilibrio económico-financiero do Contrato, mediante a adopción das medidas indicadas no artigo 34 do RDL 8/2020, na lexislación de contratos do sector público e na que resulte ademais de aplicación.”*

*Examinado o solicitado pola empresa concesionaria no nº 1) relativo a concorrencia da imposibilidade de execución do contrato nos termos ordinarios, considérase que no presente contrato non se aprecia imposibilidade para o cumprimento do contrato da instalación, conservación e explotación publicitaria en solo público do termo municipal de Vigo de marquesinas para paradas de autobús, soportes de información e demais elementos urbanos de interese e uso público, xa que o mobiliario obxecto da concesión segue estando operativo, e esta sendo utilizado polas persoas usuarias, especialmente as marquesinas e postes de parada como servizo anexo ao servizo de transporte urbano, non habéndose ditado ningunha normativa durante o estado de alarma que impedise ou limitase a execución do obxecto do memo.*

*A posible diminución de ingresos da concesionaria pola posible diminución de contratos de publicidade, non se considera que de dereito a reclamación do equilibrio económico da concesión conforme ao regulado no RDL 8/2020, considerando o disposto no artigo 3 do prego de condicións xurídico administrativas “ o Concello non asegurara ao contratista rendemento algún relativo á explotación publicitaria nin outorgará ao concesionario subvención de clase algunha. En concreto, o adxudicatario asumirá ao seu exclusivo risco e ventura a explotación publicitaria daqueles elementos que así se determinen sen que a falta ou redución de explotación publicitaria por escasez da oferta ou redución dos seus prezos, poida alegarse que afecte en modo algún ao equilibrio económico da concesión”*

*En canto ao contido do número 2 da solicitude presentada, relativo a suspensión das obrigacións económicas do concesionario, foi presentada pola empresa concesionaria solicitude de suspensión do pago do canon ante os servizos económicos en tanto non se resolva a solicitude no servizo de contratación, solicitude que será resolta polo Servizo de Xestión Tributaria, unha vez se resolva a presente solicitude”.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **Natureza do contrato e lexislación aplicable**

O contrato de instalación, conservación, explotación publicitaria en solo público do termo municipal de Vigo de marquesinas para paradas de autobús, soportes de información e demais elementos urbanos de interese e uso público (72.280-210), adxudicado o 18 de maio de 2007, á sociedade concesionaria EL MOBILIARIO URBANO, S.L., cualifícase como contrato de xestión de servizo público, mediante a modalidade de concesión.

Segundo se indica no informe da xefa de Transportes, o 8 de agosto de 2018 a concesionaria comunicou que con data 27 de xuño de 2018 se procedeu a modificar o cambio de denominación social, mediante o cal a entidade El Mobiliario Urbano, S.L.U. pasou a denominarse JCDecaux España S.L.U.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL)

Este contrato é definido pola lexislación contractual que lle resulta de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está recollida no título II do libro II da LCAP, no Regulamento de servizos das corporacións locais e no RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

-II-

### **Do estado de alarma e da imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19**

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para xestionar a situación de crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de



## Concello de Vigo

contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19. Mediante Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, modificou os apartados 1, 3 e 6 do referido artigo.

Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor deste real decreto-lei, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas gubernativas adoptadas para combatelo darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato a través de dúas medidas alternativas:

- a ampliación da duración inicial das concesións ata un máximo dun 15 por 100; ou
- a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato de concesión.

O reequilibrio debe ter como finalidade a compensación ao concesionario de dous conceptos:

- a perda de ingresos e
- o incremento dos custos soportados, nos que se inclúen os *“gastos adicionais salariais que efectivamente tiveran abonado, respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato de concesión de obras ou de servizos durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19”*

Conforme ao criterio expresado pola Abogacía do Estado no seu informe do 30 de marzo de 2020, os gastos adicionais salariais nos que incorra o concesionario teñen que ser resarcidos tanto se se aplica a medida de ampliación da duración inicial das concesións como a medida de modificación das cláusulas de contido económico.

Para proceder á compensación é preciso o cumprimento dos seguintes requisitos:

- A presentación dunha solicitude de reequilibrio económico polo contratista
- Que o contratista acredite fidedignamente a realidade, efectividade e importe de ditos gastos
- Que o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación xerada polo COVID e as medidas adoptadas con ocasión do mesmo

O anterior non será de aplicación en ningún caso aos seguintes contratos:

- a) Contratos de servizos ou subministro sanitario, farmacéutico ou doutra índole, cuxo obxecto estea vinculado ca crise sanitaria provocada polo COVID-19.
- b) Contratos de servizos de seguridade, limpeza ou de mantemento de sistemas informáticos.

Nos contratos de servizos de seguridade e limpeza, si será posible a súa suspensión total ou parcial se como consecuencia das medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración local para combater o COVID 19, algún ou algúns dos seus edificios ou instalacións públicas quedaran pechados total ou

parcialmente devindo imposible que o contratista preste a totalidade ou parte dos servizos contratados.

- c) Contratos de servizos ou subministro necesarios para garantir a mobilidade e a seguridade das infraestruturas e servizos de transporte.
- d) Contratos adxudicados por aquelas entidades públicas que coticen en mercados oficiais e non obteñan ingresos dos Orzamentos Xerais do Estado.

Analizaremos a continuacións se se cumpren neste suposto os requisitos esixidos:

Consta **solicitud** formulada pola concesionaria do contrato de data 27 de marzo de 2020 na que se indica que é imposible e inviable a execución do contrato *“en sus términos ordinarios mientras permanezca tal situación, pues es imposible el normal desarrollo de la gestión de la explotación publicitaria de los elementos de mobiliario urbano que integran el Contrato y, con ello, la obtención de ingresos mediante la misma, que constituye la esencia y base económica del Contrato y sin la cual es inviable la continuidad de su ejecución en sus términos ordinarios.”*

*En particular, hemos de poner en su conocimiento que, en el ámbito del Contrato, (hasta la fecha se han producido cancelaciones de campañas publicitarias que han provocado un **descenso del 82% de la facturación** respecto al mismo periodo del año pasado”.*

*Solicita, así mesmo, “suspender los derechos y obligaciones de las partes en el Contrato indicado en el apartado primero de este escrito. En particular, entendemos que como medida inmediata para evitar los efectos negativos de la situación debe entenderse producida la suspensión de la obligación de pago del Canon Económico mientras permanezcan las consecuencias de la situación excepcional descrita, siendo una circunstancia extraordinaria sobreenvenida e imprevista que impide y altera de forma manifiesta la necesaria reciprocidad de las prestaciones entre las partes”.*

No entanto, non solicita o reequilibrio económico senón que manifesta *“que una vez se produzca la terminación de la actual situación como consecuencia del COVID-19 y sea posible la reanudación de la ejecución del Contrato en términos ordinarios, y una vez evaluados y constatados todos los aspectos económicos relevantes a estos efectos, se procederá a solicitar el restablecimiento del equilibrio económico-financiero del Contrato, mediante la adopción de las medidas indicadas en el artículo 34 del RDL 8/2020, en la legislación de contratos del sector público y en la que resulte además de aplicación”.*

Para os efectos de **apreciar a imposibilidade de executar o contrato**, solicitouse informe do servizo responsable do contrato que foi emitido o 16 de maio de 2020 e completado o 18 de xuño, asinado pola xefa do Servizo de Transportes.

No referido informe indícase que o obxecto do contrato non foi suspendido, que non se considera necesaria a imposibilidade da súa execución e, respecto das posibles prestacións que deviñeron imposibles de executar, que *“Non procede informar este apartado xa que o mobiliario obxecto da concesión segue estando operativo e esta sendo utilizado polas persoas usuarias, especialmente as marquesinas e postes de parada como servizo anexo ao servizo de transporte urbano, servizo de prestación obrigatoria no estado de alarma”.*





**Concello de Vigo**

O prego de cláusulas administrativas particulares prevé no seu artigo 3 relativo ao Financiamento: “O Concello de Vigo non asumirá gasto algún relativo ao obxecto do contrato e non participará no financiamento das obras. Tampoco asegurará ao contratista rendemento algún relativo á explotación publicitaria nin outorgará ao concesionario subvención de clase algunha. En concreto, o adxudicatario asumirá ao seu exclusivo risco e ventura a explotación publicitaria daqueles elementos que así se determinen sen que a falta ou redución de explotación publicitaria por escasez da oferta ou redución dos seus prezos, poida alegarse que afecte en modo algún ao equilibrio económico da concesión”.

En base ao anterior, non procede apreciar a imposibilidade de execución deste contrato polo que non haberá dereito á compensación ao concesionario a través do reequilibrio económico.

Por último, respecto da suspensión da obriga de pagamento do canon, indica o informe da xefa do Servizo de Transportes do 18 de xuño de 2020: *“En canto ao contido do numero 2 da solicitude presentada, relativo a suspensión das obrigacións económicas do concesionario, foi presentada pola empresa concesionaria solicitude de suspensión do pago do canon ante os servizos económicos en tanto non se resolva a solicitude no servizo de contratación, solicitude que será resolta polo Servizo de Xestión Tributaria, unha vez se resolva a presente solicitude”*.

No entanto, cómpre indicar que con carácter excepcional o artigo 34.4 do RDL 8/2020 estableceu o dereito da concesionaria ao restablecemento do equilibrio económico do contrato, podendo este consistir nunha ampliación da duración inicial da concesión ata un máximo do 15% ou na modificación das cláusulas económicas do contrato e compensará pola perda de ingresos e o incremento dos custos soportados, debendo ser acreditadas estas circunstancias polo contratista.

Ao aludir este artigo á modificación das cláusulas económicas poderíamos entender aplicable o artigo 290.5 da LCSP que prevé, entre outras medidas de restablecemento, calquera modificación das cláusulas de contido económico, entre as que se atopan as que fixaron o canon.

Agora ben, en aplicación do citado artigo 34.4 o dereito da concesionaria ao restablecemento do equilibrio económico do contrato só é posible nos casos nos que o órgano de contratación aprecie a imposibilidade da execución da concesión como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, CCAA e EELL para combatelo e, como xa se indicou anteriormente, non procede apreciar a imposibilidade de execución deste contrato.

**-III-**

### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

**ACORDO**

S.ord. 26/06/2020

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Desestimar a solicitude de declaración de imposibilidade de execución, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, do contrato de instalación, conservación, explotación publicitaria en solo público do termo municipal de Vigo de marquesinas para paradas de autobús, soportes de información e demais elementos urbanos de interese e uso público (72.280-210), adxudicado a EL MOBILIARIO URBANO, S.L. - actualmente JCDECAUX ESPAÑA, S.L.U.), -consonte ao previsto nos pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de maio de 2007, polo que non procede o reequilibrio económico do contrato”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(488).- RECOÑECEMENTO DE ABONO A CONTA DA INDEMNIZACIÓN POLA SUSPENSIÓN DOS CONTRATOS PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS SANTA MARTA-CASCO VELLO, SANTA CRISTINA-LAVADORES, COSTEIRA-SAIÁNS, MESTRES GOLDAR-CASTRELOS E NAVIA. EXPTE. 6456/241.**

Visto o informe de fiscalización do 22/06/2020, dáse conta do informe-proposta da do 23/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).



## Concello de Vigo

- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 9 de abril de 2020, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou:

*“1º.- Acumular as solicitudes de declaración de imposibilidade de execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito de data 25 de marzo de 2020 relativas aos seguintes procedementos:*

- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016.*
- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordada XGL de data 15 de marzo de 2016.*
- *Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015.*
- *Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017.*

*2º.-Declarar a imposibilidade total de execución do contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.*

*3º.- A suspensión terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”*

**Segundo.-** En data 21 de maio de 2020, a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (CÓD. SOLICITUDE 200060056, 200060060, 200060061, 200060064, 200060065, 200060066, 200060067, 200060070, 200060072 e 200060075) escrito de solicitude de abono a conta da indemnización dos danos e prexuízos consecuencia da suspensión dos contratos administrativos de xestión das Escolas infantís municipais de Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns e Santa Marta-Casco Vello (expedientes 16774-332, 17043-332, 17066-332 e 17.500-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 16 ó 31 de marzo e o mes de abril respectivamente. Complementan esta solicitude coa presentación de nova documentación en datas 16 e 19 de xuño de 2020 (documentos 200106993 e 200109626).

**Terceiro-** En data 22 de xuño de 2020, o técnico do servizo de Educación informa o seguinte:

*“Con data 20 de maio de 2020, Colegio Los Milagros SL (empresa adxudicataria dos contratos vixentes para a xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización polos periodos comprendidos entre o 16/03/2020-31/03/2020 e o 01/04/2020-30/04/2020 (docs 200060056, 200060060, 200060061, 200060064, 200060065, 200060066, 200060067, 200060070, 200060072 e 200060075) con motivo da suspensión dos contratos de xestións destas escolas, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo.*

*Na tramitación do expediente de indemnización (6456-241), a Intervención Xeral municipal indica (mediante Dilixencia de data 11 de xuño de 2020) as modificacións e comprobacións que deberán facerse, de conformidade co informe técnico e coa documentación aportada. Complementariamente, con data 16 e 19 de xuño de 2020, Colegio Los Milagros SL presenta no Rexistro Xeral (docs 200106993 e 200109626) documentación aclaratoria e pendente en relación ao mesmo.*

*En relación ao solicitado:*

*1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:*



## Concello de Vigo

- i. Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia (expedientes 17500-332, 17066-332, 16774-332 e 17043-332) formalizados con Colegio Los Milagros SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6456-241).
  - ii. A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.
- 2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:
- "Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:
- 1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.
  - 2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.
  - 3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.
  - 4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.
- 3º) Nas solicitudes de indemnización, Colegio Los Milagros SL adxunta documentación acreditativa de pago polos seguintes conceptos: Gastos salariais (das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adscritas á empresa a 14/03/2020, tal e como indicaran na comunicación de suspensión de contrato de data 25/03/2020), Mantemento da Garantía definitiva e Pólizas de Seguro, relativos ao período comprendido entre o 16 de marzo e o 30 de abril de 2020.

Unha vez analizada a documentación aportada, coa que o funcionario que subscribe, responsable técnico dos contratos, manifesta a súa conformidade, procede unha **indemnización a Colegio Los Milagros SL**, pola suspensión dos contratos para a xestión das **Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia** durante o periodo comprendido entre o **16/03 ao 30/04/2020**, polos seguintes importes, distribuídos por escola e expedientes de gasto:

**Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)**

Gastos salariais: 20.307,08€

Mantemento Garantía: 35,33€  
Pólizas de seguros: 194,35€  
**Total: 20.536,76€**

**Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)**

Gastos salariais: 15.067,88€  
Mantemento Garantía: 152,84€  
Pólizas de seguros: 195,16€  
**Total: 15.415,88€**

**Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)**

Gastos salariais: 17.554,25€  
Mantemento Garantía: 152,84€  
Pólizas de seguros: 195,13€  
**Total: 17.902,22€**

**Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)**

Gastos salariais: 15.578,79€  
Mantemento Garantía: 63,98€  
Pólizas de seguros: 181,12€  
**Total: 15.823,89€**

**Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)**

Gastos salariais: 14.295,29€  
Mantemento Garantía: 63,98€  
Pólizas de seguros: 188,14€  
**Total: 14.547,41€**

4º) Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

<b>Escola</b>	<b>Nº expediente</b>	<b>Importe</b>	<b>Operación contable (nº AD)</b>
EIM Santa Marta-Casco Vello	17500-332	20.536,76	202000003283
EIM Santa Cristina-Lavadores	17066-332 (Lote 1)	15.415,88	202000003274
EIM Costeira-Saiáns	17066-332 (Lote 2)	17.902,22	202000003275
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	15.823,89	202000003270 (ADC 28584)
EIM Navia	17043-332	14.547,41	202000003272 (ADC 39211)



**Concello de Vigo**

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e prexuízos polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao personal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custes de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se abonarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

### **PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder á instancia do contratista un anticipo a con-





**Concello de Vigo**

ta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pago ou mediante pagos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e prexuízos ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitudes de abonos parciais de dous períodos: do 16 o 31 de marzo e do mes de abril. Como de momento o contrato continúa suspenso o contratista optou por solicitar pagos periódicos.

A lei permite ó órgano de contratación esixir para efectuar o anticipo que o mesmo se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na LCSP. Máis esta Administración opta por non esixir estas garantías.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos causados como consecuencia da suspensión da execución dos contratos de xestión das escolas infantís de Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns e Santa Marta-Casco Vello, consonte ós importes recollidos no informe do servizo xestor.

**-III-**

### **ACUMULACIÓN DE EXPEDIENTES**

O artigo 57 da LPAC permite que o órgano administrativo que inicie o tramite un procedemento, calquera que fose a forma de iniciación do mesmo, poida acordar, de oficio o a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver os procedementos.

No caso que nos ocupa, dado que unha mesma empresa e adxudicataria de varios contratos de xestión de escolas municipais, e que formula unha única solicitude, para que se declare polo órgano de contratación a imposibilidade de prestar o servizo polas mesmas circunstancias en todos os casos, non existe inconvinte, ao amparo da norma citada, en acumular os expedientes e resolver todas as solicitudes nun mesmo acordo.

**-IV-**

### **COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

S.ord. 26/06/2020

## ACORDO

*“1º.- Acumular as solicitudes de abono a conta da indemnización de danos e prexuízos pola suspensión da execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escritos de data 21 de maio de 2020 (documentos 200060056, 200060060, 200060061, 200060064, 200060065, 200060066, 200060067, 200060070, 200060072 e 200060075) relativas aos seguintes procedementos:*

- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016.*
- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordada XGL de data 15 de marzo de 2016.*
- Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015.*
- Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017.*

*2º.-Autorizar os abonos a conta da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión da execución do contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, polos seguintes importes, distribuídos por escola e expedientes de gasto:*

### *1.- Exepediente 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)*

- Gastos salariais: 20.307,08€*
- Mantemento Garantía: 35,33€*
- Pólizas de seguros: 194,35€*

*Total: 20.536,76€*

### *2.- Exepediente 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)*

- Gastos salariais: 15.067,88 €*
- Mantemento Garantía: 152,84 €*
- Pólizas de seguros: 195,16 €*

*Total: 15.415,88€*

### *3.- Exepediente 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)*



## Concello de Vigo

- *Gastos salariais: 17.554,25 €*
- *Mantemento Garantía: 152,84 €*
- *Pólizas de seguros: 195,13 €*

*Total: 17.902,22€*

### 4.- Exepediente 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

- *Gastos salariais: 15.578,79 €*
- *Mantemento Garantía: 63,98 €*
- *Pólizas de seguros: 181,12 €*

*Total: 15.823,89€*

### 5.- Expediente 17.043/332 (EIM NAVIA)

- *Gastos salariais: 14.295,29 €*
- *Mantemento Garantía: 63,98 €*
- *Pólizas de seguros: 188,14 €*

*Total: 14.547,41€*

*Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:*

<b>Escola</b>	<b>Nº expediente</b>	<b>Importe</b>	<b>Operación contable (nº AD)</b>
<b>EIM Santa Marta-Casco Vello</b>	<b>17500-332</b>	<b>20.536,76</b>	<b>202000003283</b>
<b>EIM Santa Cristina-Lavadores</b>	<b>17066-332 (Lote 1)</b>	<b>15.415,88</b>	<b>202000003274</b>
<b>EIM Costeira-Saiáns</b>	<b>17066-332 (Lote 2)</b>	<b>17.902,22</b>	<b>202000003275</b>
<b>EIM Mestres Goldar-Castrelos</b>	<b>16774-332</b>	<b>15.823,89</b>	<b>202000003270 (ADC 28584)</b>
<b>EIM Navia</b>	<b>17043-332</b>	<b>14.547,41</b>	<b>202000003272 (ADC 39211)</b>

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(489).- CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” 1ª QUENDA 2020. EXPTE. 17315/77.**

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2020, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/2019) e polo o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución do 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán co-financiadas mediante o Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, dependente da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ten encomendado dentro do plan de implementación da estratexia DUSI "Vigo Vertical", o deseño e posta en marcha de operacións enmarcadas dentro do obxectivo específico "9.8.2. Rexeneración física, económica e social da contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias urbanas integradas" en concreto no marco da liña de actuación "Implantación de plans de acción directa para fomentar a inserción laboral".

Para desenvolver estes obxectivos, a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ven a por en marcha unha nova convocatoria do programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA", para facilitar a inserción laboral de colectivos en situación ou risco de exclusión.

As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de "necesidade social", que responde de xeito oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.

Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección de beneficiarios de anteriores programas, previa solicitude de candidatos dirixida ás oficinas do Servicio Público de Emprego de Galicia en Vigo para a realización do sondeo conforme aos criterios establecidos nas bases reguladoras da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño de 2020 e, posterior realización das probas escritas e prácticas, para o que resulta necesario proceder ao nomeamento dos membros titulares e suplentes das Comi-



## Concello de Vigo

sións de Selección, que serán propostos polo Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, establecendo un número máximo de dezoito (18) sesións (3 para a Comisión de selección de Capataces, 6 para a Comisión de selección de Peóns, 3 para a Comisión de selección de Persoal técnico-administrativo e 6 para a Comisión de selección de Oficiais), cun gasto estimado de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de "Dietas de Tribunais", resultando necesario consumir crédito da bolsa de vinculación, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

Na fase da **proba práctica** realizaranse diferentes exercicios valorados pola comisión de selección coa colaboración cos técnicos municipais que facilitan a realización, supervisión e valoración das mencionadas probas, relacionadas todas elas coas funcións e tarefas da profesión relacionada co posto ofertado, e anexaranse copias dos exercicios realizados para os postos de Auxiliar administrativo, Técnico FP Auxiliar de Prevención de Riscos Laborais, Capataces e Oficiais de oficios.

Cara a axilizar o proceso selectivo, se estima que coa constitución de 4 comisións de selección se poderá proceder nun prazo de 10 días a realizar as probas escritas e prácticas previstas nas bases, co que se pretende rematar o proceso de selección con tempo suficiente para que inicien o seu contrato o 01/07/2020.

Estímase necesaria a constitución de alomenos as 4 comisións de selección seguintes:

- Capataces
- Oficiais de Oficios
- Peóns-Ordenanza
- Persoal técnico administrativo (Auxiliar administrativo e Técnico de FP Auxiliar de Prevención de Riscos Laborais)

En aras precisamente de axilizar o proceso selectivo e, dadas as singulares circunstancias actuais, nas que aínda non se produciu a incorporación presencial de todo o persoal municipal, estimouse procedente habilitar un procedemento para a **elaboración dunha bolsa de empregados municipais interesados** en formar parte das ditas Comisións de selección de beneficiarios do Programa Vigo Emprega; razón pola que se procedeu á apertura dun **prazo de 3 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do aviso na Intranet Municipal, para que todo aquel persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Vigo interesado en formar parte das ditas comisións **emitisen a súa solicitude por correo electrónico** ([util.oficina@vigo.org](mailto:util.oficina@vigo.org)), indicando: nome e apelidos; DNI; indicación da súa condición de persoal funcionario/laboral do cadro de persoal; grupo/categoría profesional; e praza/posto que desempeñan na actualidade; e xuntarán

unha declaración responsable asinada na que manifesten o cumprimento dos requisitos esixidos.

O anuncio inseriuse na Intranet municipal o pasado 2 de xuño, téndose achegado diversas solicitudes do persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Vigo interesado en formar parte das ditas Comisións de selección de beneficiarios do Programa Vigo Emprega nos termos e condicións do disposto no artigo 60 do TREBEP, para comparecer a título individual e cumprindo cos requisitos esixidos de necesaria especialización para o desenvolvemento das súas labores de selección e pleno respecta os principios de imparcialidade e profesionalidade; téndose confeccionado a seguinte lista de empregados municipais encadrados nos grupos e prazas seguintes:

Nome e Apelidos	Condición	Grupo	Posto/praza
Carla Candía Paz	Funcionario	A1	Tec. Admon. Xeral
Rosa M <sup>a</sup> Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Tec. Xestión
Marta Nuñez Aboy	Funcionaria	A2	Tec. Actividades Culturais
M <sup>a</sup> Lorena López Rodríguez	Funcionaria	A1	Tec. Admon. Xeral
Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionaria	C1	Administrativa
Alfonso Alonso Rodríguez	Laboral	C1	Capataz
Sonia M <sup>a</sup> Pastor Diéguez	Funcionaria	C1	Administrativa
Francisco J. Escudero González	Funcionario	C2	Aux. Administrativo
Miguel Ángel Alonso Alonso	Laboral	C2	Oficial Oficios
Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
Jose Antonio España Piñeiro,	Funcionario	C1	Inspector
Perfecto Riveiro Barbosa	Laboral	C2	Oficial Oficios
Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial Oficios
Carlos Igrexas Martínez	Laboral	C2	Aux. Servizos Internos
Jose Antonio Comesaña Davila	Funcionario	C2	Oficial Oficios
Xavier Rodríguez Fernández	Funcionario	E	Ordenanza Porteiro
Hector Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
José Manuel Martínez González	Funcionario	C1	Capataz
Yolanda Fajín Torres	Funcionaria	A2	Traballadora Social
Alfonso Conde Rodríguez	Laboral	C1	Capataz
M <sup>a</sup> José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial Oficios
Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Oficios
Antía Mosquera González	Funcionaria	C1	Administrativa
Francisco Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
Guillermo Lorenzo Carrera	Laboral	C2	Oficial Oficios
J. Manuel Sanmartín Cerqueira	Laboral	E	Axudante
Roberto Mariño Sanromán	Laboral	C1	Capataz
Patricia González Estévez	Funcionaria	C2	Aux. Administrativo

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado



de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

- 1. Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do programa “Vigo Emprega” 1ª quenda 2020, dentro do plan de implementación da estratexia

DUSI “Vigo Vertical”, o deseño e posta en marcha de operacións enmarcadas dentro do obxectivo específico “9.8.2 Rexeneración física, económica e social da contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias urbanas integradas” en concreto no marco da liña de actuación “Implantación de plans de acción directa para fomentar a inserción laboral”:

**a) Comisión 3: Selección de Peóns:**

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa servizo
Suplente	José Manuel Martínez González	Funcionario	C1	Capataz
Secretario/a	Patricia González Estévez	Funcionaria	C2	Aux. Administrativo
Suplente	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C2	Aux. Administrativo
Vogais	Hector Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
	J. Manuel Sanmartín Cerqueira	Laboral	E	Axudante
	Miguel Ángel Alonso Alonso	Laboral	C2	Oficial Oficios
Suplentes	Carlos Igrexas Martínez	Laboral	C2	Aux.Servizos Internos
	Guillermo Lorenzo Carrera	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Xavier Rodríguez Fernández	Funcionario	E	Ordenanza Porteiro

**b) Comisión 1: Selección de Capataces:**

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa servizo
Suplente	Alfonso Conde Rodríguez	Funcionario	C1	Capataz
Secretario/a	Sonia Mª Pastor Diéguez	Funcionaria	C1	Administrativa
Suplente	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
Vogais	Roberto Mariño Sanromán	Laboral	C1	Capataz
	Francisco Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
	Jose Antonio España Piñeiro,	Funcionario	C1	Inspector
Suplentes	José Manuel Martínez González	Funcionario	C1	Capataz
	Antía Mosquera González	Funcionaria	C1	Administrativa
	Alfonso Alonso Rodríguez	Laboral	C1	Capataz

**c) Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios:**

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa servizo
Suplente	Rosa Mª Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica Xestión
Secretario/a	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
Suplente	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
Vogais	Jose Antonio Comesaña Davila	Funcionario	C2	Oficial Oficios
	Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial Oficios
Suplentes	Perfecto Riveiro Barbosa	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Mª José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios

d) **Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais):**

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa servizo
Suplente	Yolanda Fajín Torres	Funcionaria	A2	Traballadora Social
Secretario/a	Rosa M <sup>a</sup> Otero Malvárez	Funcionario	C1	Técnica Xestión
Suplente	M <sup>a</sup> Lorena López Rodríguez	Funcionaria	A1	Tec. Admon. Xeral
Vogais	Marta Nuñez Aboy	Funcionario	A2	Tec. Actividades Culturais
	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
	Antía Mosquera González	Funcionaria	C1	Administrativa
Suplentes	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
	Sonia M <sup>a</sup> Pastor Diéguez	Funcionaria	C1	Administrativa
	Jose Antonio España Piñeiro,	Funcionario	C1	Inspector

2. Os membros das Comisións de selección de personal beneficiario do programa “Vigo Emprega” 1<sup>a</sup> quenda 2020, percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de personal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de dezaioito (18) sesións - 3 para Capataces, 6 para Peóns, 3 para Persoal técnico-administrativo e 6 para Oficiais – con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de “Dietas de Tribunais”, resultando necesario consumir crédito da bolsa de vinculación, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

3. As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do programa “Vigo Emprega” 1<sup>a</sup> quenda 2020, iniciarán as súas funcións coa realización da proba escrita e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 11 de xuño de 2020, conforme ás “BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” DENTRO DA ESTRATEXIA “VIGO VERTICAL(COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





Concello de Vigo

**7(490).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A POSTA EN PRÁCTICA DE PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2020 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR332A). EXPTE. 17108/77.**

Dáse conta do informe-proposta do 22/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e conformado polo letrado xefe da Área xudicial da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- No **DOG Núm. 20, do Xoves, 30 de xaneiro de 2020**, consta publicada a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020(código de procedemento TR332A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II. Con data 28/02/2020, a xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitiu o informe xurídico con proposta de resolución, conformado polo Letrado xefe da Área Xudicial do Concello de Vigo, para elevar á Xunta de Goberno Local a aprobación do requirimento previo de anulación ou revogación contra a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020(código de procedemento TR332A).

III. Á vista da dita proposta, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 06/03/2020, acordou *“interpoñer, consonte ao disposto no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento TR332A) e, na súa virtude, se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 12.1.i) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de “Concello emprendedor-Concello Doing Business”, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento»*.

IV. O dito requirimento previo foi presentado con data 09/03/2020, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, co número de entrada 2020/536216.

V. O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, que declarou o estado de alarma estableceu, na súa Disposición Adicional Terceira, a suspensión dos termos e a interrupción de prazos de todos os expedientes administrativos.

VI. Con data 07/05/2020 e documentos núm. 200054973 e 200054975 recibíuse comunicación da Consellería de Emprego, Economía e Industria, da resolución de data 30/04/2020, para continuar a tramitación dos procedementos de concesión de subvencións convocados pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, cuxas bases reguladoras e convocatoria estivesen publicadas con anterioridade á entrada en vigor do RD 463/2020, do 14 de marzo e que figuren no anexo do Acordo do Consello da Xunta do 24 de abril de 2020, entre eles, o procedemento TR353A Convocatoria 2020 para a realización de obradoiros duais de emprego, o procedemento TR353B Convocatoria 2020 para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e o procedemento TR332A Convocatoria 2020 para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia

VII. Na data de emisión do presente informe, non consta contestación da Consellería de Emprego, Economía e Industria ao requirimento de anulación ou revogación, formulado con data 9/03/2020.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **· Interposición de recurso contencioso-administrativo (art. 45 LRXCA):**

Unha vez producida a reanudación do procedemento e dos prazos administrativos en virtude da Resolución da Consellería de Emprego, Economía e Industria de data 30/04/2020 e transcorrido o prazo dun mes, previsto no artigo 44.3 da Lei 29/1998 (LXCA), para a contestación ao requirimento previo (presentado con data 09/03/2020 e con número de entrada 2020/536216), sen que se teña recibido resposta ningunha do dito organismo, debe entenderse rexeitado.

Á vista do exposto, procede formular a proposta de interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento TR332A) de acordo coas seguintes consideracións xurídicas:

En atención ás consideracións formuladas no requirimento previo de anulación ou revogación, o seu alcance se limitaría ao artigo 12.1.i) da Orde impugnada, e non á súa totalidade, considerando que é este precepto o que introduce un factor discriminatorio que vulnera o art. 14 da CE e os principios xerais do artigo 8 da LXS e do artigo 5 da LSG, desde a perspectiva da prohibición de discriminación que, neste caso, se produce entre os concellos concurrentes á convocatoria entre os que dispoñen ou carecen do certificado ou diploma de "Concello Emprendedor-Concello Doing Bussines Galicia".



## Concello de Vigo

É competente para formular este recurso a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que lle corresponde a este órgano colexiado o «exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Interpoñer, consonte ao disposto no art. 45 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento TR332A) e que, na súa virtude, se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 12.1.i) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de “Concello emprendedor-Concello Doing Business”

**SEGUNDO:** Por razóns de seguridade xurídica, congruencia e economía se estenden os efectos deste acordo aos procedementos conexos tramitados a través dos expedientes que se indican deseguido:

- Expte. núm. 17090/77 de “Requirimento previo de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso-administrativo contra a ORDE do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B)”. Presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia con data 09/03/2020 e número de entrada 2020/535776
- Expte. núm. 17091/77 de “Requirimento previo de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A)”. Presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia con data 09/03/2020 e número de entrada 2020/536078

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(491).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL. TR 351F 2020/48-5. EXPTE. 17078/77.**

Visto o informe de fiscalización do 22/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, acordou:

1.1.- *Aprobar a memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, “Rehabilitación de lavadoiros e reparación de pavimentos nas beirarrúas da cidade de Vigo”, que se xunta para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da Rísqa para o ano 2020, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.*

1.2.- *Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 247.419,90 € para o desenvolvemento da memoria aprobada.*

2.3.- *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.*

3.4.- *Delegar no concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, D. Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

ANEXO I:

Resumo de proxecto memoria do servizo:

"Rehabilitación de lavadoiros e reparación de pavimentos nas beirarrúas da cidade de Vigo"											
RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO 2020											
Grupo de cotización	Categoría	Postos	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total (bruto+social)	9 meses 75% Xornada
5	Capataz-Construción	1	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28 €	10.309,16 €
	Oficial albanel	4	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	6.109,13 €	41.236,65 €
8	Oficial fontaneiro	2	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	3.054,57 €	20.618,33 €
	Of. conducción	3	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/f	37,80	418,95	4.581,85 €	30.927,49 €
10	Peón construción	14	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	21.381,97 €	144.328,28 €
											<b>247.419,90 €</b>

II. Con data 12 de xuño de 2020 recíbese a notificación electrónica da concesión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2020/48-5, por resolución do xefe territorial



## Concello de Vigo

de Pontevedra do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 12 de xuño de 2020 en base á Orde do 20 de decembro de 2019 (DOGA n.º 18 do 28 de xaneiro de 2020), pola que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **30.972,42 €** para a contratación de **3** oficiais conductores durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.

- III. Con data 17 de xuño de 2020 remítese escrito asinado pola xefatura de servizo coa conformidade do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, co seguinte tenor literal:

*"Recibida a Resolución de data 12/06/20 asinada polo xefe territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, D. Ignacio Rial Santomé, correspondente ao expediente TR351F 2020/48-5, onde se concede ao Concello de Vigo unha subvención por importe de 30.927,42 € para a contratación de 3 persoas en situación ou risco de exclusión perceptoras da Risga para a realización da obra ou servizo "REHABILITACION DE LAVADOIROS E REPARACIONES DE PAVIMENTOS NAS BEIRARRUAS DA CIDADE DE VIGO" - aínda que claramente insuficiente para levar a cabo o proxecto proposto onde solicitabamos 24 persoas para poder desenvolverlo - resulta imprescindible que, logo da conversa telefónica mantida cos técnicos do departamento, non habendo impedimento nas bases reguladoras da convocatoria e non supoñendo variacións de custo, se nos concedan en lugar dos 3 condutores referidos, os tres postos seguintes:*

*- 1 condutor*

*- 2 oficiais albaneis,*

*De xeito que os ditos 3 postos referidos permitan acadar a maior eficiencia e eficacia posible para poder realizar alomenos unha pequena parte do proxecto presentado."*

- IV. Con data 18 de xuño, tivo entrada no servizo xestor, a resolución asinada en data 15/06/20 polo xefe territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, D. Ignacio Rial Santomé, correspondente ao expediente TR351F 2020/48-5, de corrección de erros pola que se concede ao Concello de Vigo unha subvención por importe de 30.927,42 € para a contratación de 1 capataz e 2 oficiais albaneis en situación ou risco de exclusión perceptoras da Risga para a realización da obra ou servizo "REHABILITACION DE LAVADOIROS E REPARACIONES DE PAVIMENTOS NAS BEIRARRUAS DA CIDADE DE VIGO"
- V. Con data 19 de xuño de 2020 recíbese a notificación electrónica da resolución modificada, concedendo unha subvención por importe de **30.972,42 €** para a contratación de **3 persoas** (1 oficial condutor e 2 oficiais albaneis) durante **9 meses** cunha **xornada parcial do 75%**.

A devandita resolución non supón a concesión da totalidade da subvención solicitada polo Concello de Vigo (expdte. 17078/77).

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*1.- Aceptar a subvención concedida na resolución do xefe territorial de Pontevedra do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 19 de xuño de 2020 en base á Orde do 20 de decembro de 2019 (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020 TR351F 2020/48-5), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 30.972,42 € para a contratación de 1 oficial conductor e 2 oficiais albaneis durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2020/48-5.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(492).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR ANO 2020 (1). EXPTE. 102773/140.**

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2020, dáse conta do informe-proposta de data 20/06/2020, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2020.
- Disposición Adicional 10ª RDL 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urgentes complementarias no ámbito social e económico.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:



## Concello de Vigo

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación or- zamentaria	Importe li- brado	Importe xustifica- do	Data de pagamento	Data Real xustifica- ción	Data legal de xustificación	Reinte- gro	S/ a fa- vor
Abalde Comesaña Raquel	201900076083	9120.2269900	700,00	417,59	11/11/19	10/01/20	11/02/20	282,41	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202000002262	9120.2260100	2.000,00	1.967,05	10/01/20	03/04/20	10/04/20	32,95	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202000002266	9121.2310000	600,00	1.139,73	10/01/20	03/04/20	10/04/20	0,00	539,73
Abalde Comesaña Raquel	202000002269	9121.2200100	1.200,00	1.079,90	10/01/20	17/04/20	10/04/20	120,10	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202000002270	9120.2269900	800,00	616,98	10/01/20	17/04/20	10/04/20	183,02	0,00
Álvarez Vázquez Da- niel	202000015233	2310.4810000	385,40	385,40	02/03/20	10/03/20	02/06/20	0,00	0,00
Fernández Fernández Paz	202000008889	2310.4810000	475.476,16	475.476,16	06/02/20	18/02/20	06/05/20	0,00	0,00
Fernández Fernández Paz	202000015461	2310.4800002	12.619,00	11.609,48	04/05/20	13/04/20	04/06/20	1.009,52	0,00
Fernández Fernández Paz	202000020493	2310.4800000	200.000,00	198.213,16	17/03/20	22/04/20	17/06/20	1.786,84	0,00
García Álvarez Luis	202000003971	4412.2279900	4.000,00	3.930,46	17/01/20	26/02/20	17/04/20	69,54	0,00
García Álvarez Luis	202000006485	2311.4800000	3.800,00	3.235,00	22/01/20	16/04/20	22/04/20	565,00	0,00
García Álvarez Luis	202000014721	9200.1620000	450,00	450,00	27/02/20	12/05/20	27/05/20	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202000015222	9201.2260600	960,00	1.039,53	28/02/20	09/04/20	28/05/20	0,00	79,53
Martínez Muñoz Francisco	202000004250	1320.2269900	1.000,00	998,19	17/01/20	04/05/20	17/04/20	1,81	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004258	1320.2200000	100,00	91,02	17/01/20	04/05/20	17/04/20	8,98	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004438	1320.2219900	1.000,00	679,17	17/01/20	25/03/20	17/04/20	320,83	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202000002304	2310.4800000	150.000,00	148.907,04	10/01/20	10/04/20	20/04/20	1.092,96	0,00
Vega Andión Oscar Miguel	202000008985	9310.1620000	600,00	600,00	06/02/20	29/04/20	06/05/20	0,00	0,00
Vega Andión Oscar Miguel	202000008986	9200.1620000	600,00	600,00	06/02/20	29/04/20	06/05/20	0,00	0,00
Vega Andión Oscar MIguel	202000009361	9206.1620000	450,00	450,00	10/02/20	28/04/20	10/05/20	0,00	0,00
Vivero Mijares Anto- nio	202000002611	1350.2269901	6.000,00	5.958,99	10/01/20	06/05/20	10/04/20	41,01	0,00
<b>TOTAL</b>			862.740,56	857.844,85				5.514,97	619,26

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

S.ord. 26/06/2020

<b>Alcance da fiscalización</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Se rendiron no prazo establecido.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

#### Resultado da fiscalización

<b>De conformidade</b>	<b>Con observacións</b>	<b>De disconformidade</b>
✓		

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

#### PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

<b>Habilitado</b>	<b>Nºpagamento</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Importe librado</b>	<b>Importe xustificado</b>	<b>Data de pagamento</b>	<b>Data Real xustificación</b>	<b>Data legal de xustificación</b>	<b>Reintegro</b>	<b>S/ a favor</b>
Abalde Raquel Comesaña	201900076083	9120.2269900	700,00	417,59	11/11/19	10/01/20	11/02/20	282,41	0,00
Abalde Raquel Comesaña	202000002262	9120.2260100	2.000,00	1.967,05	10/01/20	03/04/20	10/04/20	32,95	0,00
Abalde Raquel Comesaña	202000002266	9121.2310000	600,00	1.139,73	10/01/20	03/04/20	10/04/20	0,00	539,73
Abalde Raquel Comesaña	202000002269	9121.2200100	1.200,00	1.079,90	10/01/20	17/04/20	10/04/20	120,10	0,00
Abalde Raquel Comesaña	202000002270	9120.2269900	800,00	616,98	10/01/20	17/04/20	10/04/20	183,02	0,00
Álvarez Daniel Vázquez	202000015233	2310.4810000	385,40	385,40	02/03/20	10/03/20	02/06/20	0,00	0,00
Fernández Paz Fernández	202000008889	2310.4810000	475.476,16	475.476,16	06/02/20	18/02/20	06/05/20	0,00	0,00





## Concello de Vigo

Fernández Fernández Paz	202000015461	2310.4800002	12.619,00	11.609,48	04/05/20	13/04/20	04/06/20	1.009,52	0,00
Fernández Fernández Paz	202000020493	2310.4800000	200.000,00	198.213,16	17/03/20	22/04/20	17/06/20	1.786,84	0,00
García Álvarez Luis	202000003971	4412.2279900	4.000,00	3.930,46	17/01/20	26/02/20	17/04/20	69,54	0,00
García Álvarez Luis	202000006485	2311.4800000	3.800,00	3.235,00	22/01/20	16/04/20	22/04/20	565,00	0,00
García Álvarez Luis	202000014721	9200.1620000	450,00	450,00	27/02/20	12/05/20	27/05/20	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202000015222	9201.2260600	960,00	1.039,53	28/02/20	09/04/20	28/05/20	0,00	79,53
Martínez Muñoz Francisco	202000004250	1320.2269900	1.000,00	998,19	17/01/20	04/05/20	17/04/20	1,81	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004258	1320.2200000	100,00	91,02	17/01/20	04/05/20	17/04/20	8,98	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004438	1320.2219900	1.000,00	679,17	17/01/20	25/03/20	17/04/20	320,83	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202000002304	2310.4800000	150.000,00	148.907,04	10/01/20	10/04/20	20/04/20	1.092,96	0,00
Vega Andión Oscar Miguel	202000008985	9310.1620000	600,00	600,00	06/02/20	29/04/20	06/05/20	0,00	0,00
Vega Andión Oscar Miguel	202000008986	9200.1620000	600,00	600,00	06/02/20	29/04/20	06/05/20	0,00	0,00
Vega Andión Oscar Miguel	202000009361	9206.1620000	450,00	450,00	10/02/20	28/04/20	10/05/20	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202000002611	1350.2269901	6.000,00	5.958,99	10/01/20	06/05/20	10/04/20	41,01	0,00
<b>TOTAL</b>			862.740,56	857.844,85				5.514,97	619,26

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(493).- AUTORIZACIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DO EDIFICIO Nº 18 DA RÚA ALTA. EXPTE. 20556/240.**

Dáse conta do informe-proposta do 15/06/2020, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

## INFORME- PROPOSTA

### **Antecedentes:**

**Primeiro.-** A Deputación Provincial de Pontevedra solicitou, en data 3.06.2020, autorización do “Proxecto de obras menores de adecuación nueva sede Deputación de Pontevedra. Rúa Chao 17, Vigo”, redactado en mayo 2020 polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

**Segundo.-** Na tramitación do expediente emitiuse informe polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, o pasado 5 de xuño, ao proxecto de obras presentado, no que sinala:

*(...) A actuación se desenrola no edificio de titularidad municipal sito en rua Chao esquina rua Alta e comprende as seguintes actuacións:*

- Redistribución de novos espazos na planta semisótano, e planta 1ª previo desmontaxe da carpintería existente, demolición dos paramentos actuais, na planta semisótano, e nova creación de espazos a base de tabiques de fábrica de ladrillo recibidos con mortero de area e cemento e posterior enfoscado e caleado, así como alicados nos espazos húmedos propostos na planta alta, reparación dos enfoscados existentes que resulten afectados por as actuacións.*
- Redistribución de instalacións de electricidade e fontanería, nos novos espazos xerados, así como a dotación de saneamento nas novas zonas de aseos, así como a dotación de aparatos sanitarios e accesorios determinados no proxecto.*
- Renovación e reparación de pavimentos existentes, e colocación de pavimento de madeira en zonas de entrada na planta baixa, así como a substitución de un elemento de carpintería exterior para nun oco a base de materiais existente o resto do edificio, así como nova colocación de carpintería interior a base de carpinterías de madeira maciza, hidrofugo e portas metálicas resistentes o lume, según a indicacións do proxecto, reparación e reposición de falsos teitos así como aplicación de pinturas en paramentos verticais e renovación de alumbrado e medidas de protección indicadas no proxecto.*
- O proxectista fixa a ocupación na planta semisótano de 50 persoas máximo, segundo consta nos planos e memoria DB SI.*

*O prazo estimado para a execución das obras descritas é de UN mes.*

### **INFORME:**

*Tendo en conta que as obras que se propoñen executáse nun edificio ubicado en suelo urbano consolidado, dentro do ámbito do PEPRU Casco Vello, sendo as ordenanzas de aplicación unha parte de equipamento e outra zona de edificación (ordenanza Xeral), estando o uso proposto administrativo como permisible pola propia ordenanza. A súa vez tendo en*



## Concello de Vigo

*conta a ley 5/2016, e instrucción de novembro de 2.017, y tendo en conta o tipo de obras a executar, estimo a innecesiedade de informe da concellería de cultura.*

**CONCLUSIÓN:**

*Polo tanto tendo en conta que o uso proposto esta adecuado as ordenanzas, y de acordo as condicións do convenio suscrito polo Concello e Deputación provincial, non existe inconveniente na autorización das obras solicitadas xa que se adecuan a normativa actual, e son obras tendentes a o mantemento do edificio existente.*

**Terceiro.-** Pola Concellería Delegada de Patrimonio ditouse, en data 10.06.2020, orde de servizo de inicio dos tramites administrativos para o otorgamento da autorización interesada.

### **Fundamentos de dereito:**

**Primeiro.-** O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron, o 9 de decembro do 2019, un convenio de colaboración co obxecto de establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións para autorizar, a través dunha concesión administrativa, o dereito de uso e desfrute como sé institucional da Deputación de Pontevedra do edificio de propiedade municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao na cidade de Vigo.

Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 6 de marzo do 2020, acordouse otorgar á Deputación Provincial de Pontevedra dita concesión administrativa do uso do edificio municipal do núm. 18 da rúa Alta, consonte ao pactado no convenio asinado e o Prego de cláusulas administrativas aprobadas o 5 de decembro do 2019, e formalizándose en documento administrativo o 10 de xuño pasado.

**Segundo.-** Dacordo co Prego de cláusulas administrativas polas que se rixe dita concesión outorgada, e que consta reflexado no Pacto terceiro- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA SOBRE O INMOBLE DA RÚA ALTA 3- do Convenio de Colaboración asinado, establecece na súa condición *Segunda- réxime de uso- que a Deputación executará e costeará as obras necesarias para o adecuado uso do edificio aos fins previstos, obras que deberán ser autorizadas pola Xunta de Goberno Local a proposta da Concellería de Patrimonio con carácter previo a súa execución. En todo caso as obras executadas quedarán en beneficio do inmovible, sen dereito a indemnización ou reembolso pola concesionaria.*

Por outra banda, a condición cuarta, contempla o compromiso da Deputación provincial de executar as obras de conservación e mantemento necesarias para un uso adecuado do edificio, previa autorización da concesionaria.

**Terceiro.-** Conforme co exposto, non existe inconveniente en acceder á solicitude da Deputación de realización das obras menores de adecuación do edificio municipal para albergar a nova sé da Deputación de Pontevedra en Vigo, co obxecto de mellorar a súa funcionalidade e cumprir coa normativa vixente, tal como sinalase na memoria do proxecto presentado, unha vez que consta informado favorablemente este polo xefe da oficina municipal de supervisión de proxectos no que conclue que o uso proposto está adecuado ás ordenanzas e que as obras se adecuan á normativa actual, sendo obras tendentes ao mantemento do edificio existente.

**CUARTO.-** Correspóndelle á Xunta de Goberno Local autorizar as obras proxectadas, consonte ao previsto na condición segunda (réxime de uso) do pacto terceiro do Convenio asinado o 9/12/2019 entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra.

A teor do que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Autorizar á Deputación Provincial de Pontevedra a realización das obras previstas no “Proxecto de obras menores de adecuación nueva sede Deputación de Pontevedra. Rúa Chao 17, Vigo”, de mayo 2020, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

SEGUNDO.-Pola Deputación Provincial comunicárase a esta administración a data de inicio e remate das obras autorizadas para súa comprobación polos servizos técnicos municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **11(494).- RETRIBUCIÓN BOMBEIROS E CONDUTORES BOMBEIROS EN PRÁCTICAS OEP 14-15-16. EXPTE. 34286/220.**

Visto o informe de fiscalización do 11/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 01/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

I.- Por acordos da Xunta de Goberno Local de data 21/02/2019, que constan anexados ao expte 34286-220, foron nomeados funcionarios en prácticas con cargo ás prazas de bombeiro e condutor-bombeiro, os aspirantes propostos polos órganos de selección, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado na Base VII das específicas da convocatoria.

II.- Con datas 26/02/2019 dítanse resolucións constituíndo as comisións especiais de valoración encargadas de efectuar a proposta de nomeamento de doce funcionarios de carreira con cargo as dez prazas de bombeiro e dúas prazas de condutor bombeiro do servizo de extinción de incendios, aos aspirantes que tendo aprobada a oposición foron nomeados en prácticas segundo os acordos da xunta de goberno local mencionados anteriormente. Ditas resolucións foron modificadas por Resolución de 03/05/2019.

III.- A relación dos doce funcionarios en prácticas e a seguinte:



## Concello de Vigo

### Bombeiros

APELIDOS	NOME	NIF
GARCÍA ALONSO	A.	5***8*97*
ESTEVEZ ENRÍQUEZ	C.	*61*57***
BUJÁN PUENTES	P.	4**7*4*2*
ROMERO GARCIA	C.	3**562***
GOBERNA MARTÍNEZ	E.	***58*79*
SERRANO LOPEZ	A.	**1817****
GONZÁLEZ FONTÁN	M.	*48*87***
ARNEJO CASANOVA	S.B.	327*9***
ABEIJÓN ARES	J.	5**98**9*
VALVERDE RIOS	C.	**1843***

### Condutores-bombeiros:

APELIDOS	NOME	NIF
CASTRO GONZÁLEZ	J.L.	36***1*2*
LAGO BARCIELA	D.	77****77*

**IV.-** Mediante escrito de data 13/06/2019, asinado polo Xefe do Servizo de Extinción de Incendios en funcións, o Xefe da Area de Seguridade e conformado polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade en funcións (anexado ao expte 34286-220-trámite 59), se asignan as distintas quendas de 24 horas dos bombeiros e condutores -bombeiros en practicas.

**V.-** En data 19/05/2019, o Sindicato Independente do Concello de Vigo (SICO), (doc.nº 190079613), solicita que: “unha vez finalizado o período de prácticas”, os bombeiros e condutores bombeiros nomeados funcionarios en prácticas (Xunta de Goberno Local de data 21/02/19), “se proceda ao seu nomeamento como funcionarios de carreira tal e como estipulan as bases da convocatoria publicadas no BOP núm 60 do 26/03/18, e se lle aboan as retribucións correspondentes a nova situación como funcionarios de carreira”.

De acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 456/1986, de 10 de febrero, por el que se fijan las retribuciones de los funcionarios en prácticas, tras su nombramiento como tales, “percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

No obstante, el artículo 2 del citado Real Decreto “Los funcionarios en prácticas que ya estén prestando servicios remunerados en la Administración como funcionarios de carrera o interinos o como personal laboral deben optar, al comienzo del período de prácticas, o del curso selectivo, por percibir, con cargo al Departamento ministerial u organismo público al que estén adscritos los puestos de trabajo de origen:

**a)** Las retribuciones correspondientes al puesto que estén desempeñando hasta el momento de su nombramiento como funcionarios en prácticas, además de los trienios que tuvieran reconocidos.

**b)** Las previstas en el artículo anterior, además de los trienios reconocidos. No obstante, si durante este período se desempeñara un puesto de trabajo como funcionario en prácticas,



el abono de las retribuciones corresponderá al Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

En todo caso, estos funcionarios en prácticas deberán reincorporarse, una vez finalizado el curso selectivo o período de prácticas, a su puesto de trabajo de origen hasta su toma de posesión como funcionario de carrera en el nuevo cuerpo o escala, sin perjuicio de lo dispuesto en la disposición adicional quinta del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado.”

#### IV.- Aplicación ao caso concreto.-

No presente caso se solicita polo sindicato referido no antecedente primeiro de este informe a restitución durante o período do 16 de novembro de 2019 ata o 29 de febreiro de 2020, do 100% das retribucións correspondentes aos funcionarios en prácticas, toda vez que se atopan prestando servizo activo no horario asignado pola xefatura e na quenda tamén asignada.

Á vista dos feitos expostos e preciso acudir para resolver a cuestión ao Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, o cal no seu artigo 1º determina que:

“ Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, **si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto**, y las retribuciones serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

Partindo dunha interpretación literal do precepto entendo que a única premisa fáctica a ter en conta para resolver a cuestión é si os funcionarios en prácticas realizaron as prácticas desenvolvendo ou non o posto de traballo, xa que logo si este feito se producira, é dicir, si os funcionarios en prácticas desenvolveron funcións idénticas ás realizadas polos outros funcionarios do servizo, entendo que procedería estimar a solicitude. O que resultaría contradictorio é que a Administración recoñecera a un funcionario capacidade ou aptitude suficiente para o desenvolvemento dun determinado postos de traballo e, simultaneamente, lle negara os dereitos retributivos económicos inherentes ou vinculados a ese mesmo posto, podendo incluso neste suposto, chegar a producir un resultado difícil de xustificar dende a perspectiva do principio de igualdade ao supoñer dar un diferente trato retributivo aos que desenvolven iguais cometidos e xerar unha situación de diferenza retributiva a pesar de que o cometido funcional estivera referido a idénticas actividades e funcións.

Neste caso a pesar de que non temos un nomeamento oficial, nin unha orde por escrito de que os solicitantes desenvolvan as funcións, xa non como funcionarios en prácticas, se non

como o resto dos funcionarios do servizo, desenvolvendo as funcións propias do posto de traballo; si temos un recoñecemento por parte do oficial de xestión de recursos da Policía Local e o Intendente Xefe da Policía Local que afirma en relación a que "... durante o período indicado na mesma (dende o 16/11/2019 ata o 29/02/2020) desenvolveron exactamente as mesmas funcións propias do servizo da Policía local a que pertencen."

En consecuencia, procede estimar a solicitude presentada, acordando o dereito dos mesmos a percibir o abono das diferencias retributivas referidas durante o período indicado.

En canto a contía que correspondería satisfacer por aplicación do apartado segundo do artigo 1º de RD 456/1986 (el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto), e segundo consta no informe técnico de data de sinatura electrónica anexado ao expediente, "... en relación cos empregados municipais que constan no informe asinado polo Intendente Xefe da Policía Local de Vigo (trámite 24 do expediente) e durante o período indicado (16/11/2019 a 29/02/2020), informase que a cantidade a aboar a cada funcionario é de 4582,73€, cantidade resultante dos os importes correspondentes ao complemento específico e complemento de destino, no período, supoñendo un total de 109985,52€."

#### **V.- Réxime competencial e proposta de acordo**

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para aprobar as retribucións do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Polo tanto, coa conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal (Delegación competencial por Decreto da Alcaldía e Acordo da XGL de 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase a Xunta de Goberno Local, a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Estimar, en base aos informes emitidos no presente expediente, a solicitude presentada polo Secretario Xeral da Sección Sindical da UGT do concello de Vigo, acordando o dereito a percibir o abono das diferencias retributivas entre os postos de policía local en prácticas e as correspondentes ao posto de funcionario de carreira dos funcionarios seguintes:

- ALONSO QUIÑONES, PABLO , Nº Persoal 84286
- ALONSO SIMÓN, LUIS , Nº Persoal 84287
- ANTUNES VARELA, MARÍA JESÚS , Nº Persoal 84301
- AREAL LAGO, DAMIÁN , Nº Persoal 84288
- AVENDAÑO PAZOS, JOSÉ , Nº Persoal 84289



## Concello de Vigo

- *BASTOS SALORIO, TAMARA , N° Persoal 84290*
- *CAMPOS FERNÁNDEZ, ALEXANDRA , N° Persoal 84291*
- *CONDE CASTRO, DANIEL , N° Persoal 80427*
- *GARCÍA MIGUÉLEZ, JORGE , N° Persoal 84292*
- *GONZÁLEZ FORTES, JUAN CARLOS , N° Persoal 84302*
- *GONZÁLEZ SELLÁN, ALEJANDRO , N° Persoal 84294*
- *GONZÁLEZ VÁZQUEZ, BORJA , N° Persoal 84303*
- *HERRERA SOUSA, BORJA , N° Persoal 84295*
- *LÓPEZ RODRÍGUEZ, ERO , N° Persoal 84296*
- *LÓPEZ RODRÍGUEZ, PABLO , N° Persoal 84304*
- *MACIAS BARROS, JUAN PEDRO , N° Persoal 84297*
- *MEJUTO ARES, CARLOS , N° Persoal 84305*
- *MENÉNDEZ MARQUÉS, ALEJANDRO , N° Persoal 84298*
- *MIGUEZ PÉREZ, PABLO , N° Persoal 84306*
- *PENA PEREIRA, DÁMASO LEONARDO , N° Persoal 84299*
- *PÉREZ ÁLVAREZ, ALEJANDRO , N° Persoal 84300*
- *PÉREZ GIRÁLDEZ, BRAIS , N° Persoal 84307*
- *PÉREZ PÉREZ, BRAIS , N° Persoal 83998*
- *VÁZQUEZ CARBÓN, ÁNGEL , N° Persoal 84308*

**SEGUNDO.-** En consecuencia acordar o abono polo concepto indicado da cantidade de 109.985,52 €; 4.582,73€ € para cada un de eles.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao Comité de Persoal, á Sección Sindical da UGT, aos interesados, ao Xefe de Seguridade e Mobilidade, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(496).- MODIFICACIÓNS PUNTUAIS RPT- FONDO ADECUACIÓN 2019. EXPTE. 33981/220**

Visto o informe xurídico do 16/06/2020 e informe de fiscalización do 19/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 01/06/2020, asinado pola técnica de Admón.

Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I.- En expediente 34118-220 constan diversas solicitudes de reordenación ou redenominación de diversos postos:

- Doc nº190038226, solicítase a reordenación de postos nos servizos de medio ambiente e xardíns.
- Doc nº 190061967, solicítase a redenominación da unidade organizativa 257 denomínase “Limpeza: Recollida de residuos sólidos urbanos” polo de “Limpeza: Xestión de Residuos.
- Doc nº 190068688, a redenominación “dos postos de oficial de mantemento e de instalación do servizo de deportes da actual RPT pola seguinte denominación: Oficial instalacións deportivas e oficial de mantemento de instalacións deportivas”.
- Expte 2567-500:

En relación co Posto da Inspección de Tributos con denominación “Técnico/a de Administración Xeral” (Código 502.01.46), solicítase o cambio de denominación do posto, pasando a ser “Inspectora de Tributos/Técnic/a de Administración Xeral”.

O posto da Dirección de Ingresos coa denominación “TMSE Padróns Fiscais IAE”, se solicita a súa modificación en “Técnico de Xestión Tributaria e Inspección”.

- Expte 20984-541, reconfiguración e redenominación do posto Codg 10 “Xefe do servizo de Admón de Tributos” polo de “Responsable da Contabilidade Analítica e dos custos dos servizos e actividades e a súa readscripción do servizo 150 ao servizo 143.

En data de sinatura electrónica a técnica de avaliación e formación emite informe de avaliación técnica da seguinte proposta:

*“1. Readscripción dun posto Codg 234 Oficial xardineiro/a do servizo 215 Medio Ambiente ao que se atopa adscrito o empregado municipal NP 82151 ao Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns.*

*2. Readscripción dun posto Codg 236 “Oficial albanel” do Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns ao servizo 215 Medio Ambiente.*

*3. Reconfiguración do posto anterior Codg 236 “Oficial albanel” readscrito ao servizo 215 Medio ambiente, nun posto Codg 338 “Oficial Mantemento Instalacións Municipais”.*

*4. Redenominación da unidade organizativa 257 “Limpeza: Recollida de residuos sólidos urbanos” en “Limpeza: Xestión de Residuos”*



## Concello de Vigo

5. Redenominación dun posto Codg. 46 “Técnico/a de Administración Xeral” adscrito a unidade 502 “Inspección de Tributos” en “Inspector/a de Tributos/Técnic/a de Administración Xeral”
6. Redenominación do posto Codg 340 “TMSE Padróns Fiscais IAE”, adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos en “Técnico de Xestión Tributaria e Inspección”.
7. Redenominación do posto Posto 344 Programador /a xestor/a TICs Tributario adscrito a Dirección de Ingresos (Unidade 500) en “Xestor Tributario TICs-Programador”.
8. Redenominación do Posto Codg 6 “Director/a de Ingresos” adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos “Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada.”.
9. Reconfiguración do posto Codg 10 “Xefe/a do servizo de Administración de Tributos”, adscrito a unidade administrativa Codg 150 en “Responsable da Contabilidade Analítica e dos custes dos servizos e actividades”
10. Readscripción do posto anterior Responsable da Contabilidade Analítica e dos custes dos servizos e actividades” a unidade 143 Contabilidade

Ditas readscripcións, reconfiguracións e redenominacións atópanse xa recollidas no proxecto de orzamentos xerais do Concello de Vigo 2020, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 24/10/2019 (Expte 62-142).

Así mesmo, recollese no proxecto de orzamentos xerais do Concello de Vigo 2020 a reconfiguración de dous postos Codg 616 Oficial mantemento IMD en posto Codg 615 Oficial Instalacións Deportes.”

II.- En expediente 34020-220 constan as solicitudes seguintes:

- Expte 15993/77 (180187398) – Solicitud de modificación do complemento específico do posto de TAX do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
- Expte-8735/113 (190010530) – Solicitud modificación complemento retributivo exercicio 2019 Servizo Administración Electrónica.
- Doc 190027097 - Reconfiguración do posto Cód. 105, vacante e adscrito a unidade administrativa de Patrimonio, nun posto de xefatura de negociado/oficina.

De conformidade co informe técnico emitido no expediente, unicamente entendese axeitada a segunda solicitude.

III.- En expediente 32978-220, constan as seguintes solicitudes:

- Doc nº 180173103, se solicita, en base as funcións que esta a desempeñar a xefatura de negociado do servizo de Estatística e as responsabilidades que esta a asumir, sexa reconfigurado nun posto de xefatura de Oficina

Así mesmo, propónse a redenominação dos postos actuais Codg 91 Xefe/a oficina Rexistro Xeral e Codg 208 Xefe/a oficina Asesoría Xurídica Municipal, configurados como Grupo de titulación C1, CD 22 e Ce 305, en Xefe de Unidade administrativa, ao obxecto de diferenciarlos do novo posto proposto.

- Doc nº 180075015 e 170135970 , se solicita a reconfiguración do posto de “capataz de desinfección”, cód. 118, incluíndo as actuais funcións de capataz de desinfección máis aquelas outras que ven realizando no servizo de VigoZoo e Medio Ambiente.
- Doc nº 170163591.- Solicitud de creación de xefatura no servizo de Normalización Lingüística.
- Doc nº 170036094 e 170161153 .- reconfiguración posto Técnico medio Laboratorio, adscrito ao servizo Vigozoo
- Expte nº 08049-612, se propon a necesidade de incoar expediente de dispoñibilidade para o posto de Veterinario deste Servizo de VigoZoo, debido ás circunstancias excepcionais que concorren no seu posto.
- Expte nº 15329-77, se solicita a modificación na RPT dun posto de administrativo no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (108), por un posto de Xefe/a de Negociado na mesma.

Consta informe técnico, no cal se realiza a avaliación técnica da proposta.

**IV.-** En expediente 33981-220, consta escrito (expte 17/701) asinado polo Presidente do Comité de Persoal que contén proposta de revisión retributiva dos seguintes postos de traballo: postos de atención ao público na lonxa, mestres de oficios e mestres de formación da EMAO, delineante, oficial coidador, vixilancia, mantemento e control zoo, oficial condutor zoo, administrativo zoo, capataz zoo, inspector/a municipal, axente tributario, inspectores auxiliares, oficial condutor/a palista espc manquinaria, encargado oficina técnica de educación, operador/a informática, coordinador escola de consumo, oficial canteiro, xefe de equipo educación, técnico/a prevención de riscos laborais, adxunto coordinador deportivo, e oficial protección civil.

En data 12/11/2019 emítese informe técnico pola Técnica de Avaliación e Formación, obrante no expediente electrónico, no cal se realiza a avaliación técnica da proposta.

**V.-** As propostas foron sometidas a Mesa Xeral de Negociación (sesións 30/04/2019, 06/09/2019 e 24-09/2019).

Consta documento de data 25/09/2019 asinado polas seccións sindicais de UXT, SICO, CIG e CCOO no que se adhíren a proposta do fondo de adecuación presentada na reunión da Mesa de negociación de data 24/09/2019 . En data 30/09/2019 o sindicato CSIF remite escrito indicando o seu voto de abstención ao asunto de referencia Dita documentación figura no expte electrónico 33981-220 (Tramites 92 e 106)

**VI.-** O importe total da proposta de revisión retributiva ascende a 180.153,54 euros, ao que haberá de engadirse o incremento dos custes de seguridade social, e segundo o informe técnico emitido, resulta susceptible de imputarse á aplicación orzamentaria





## Concello de Vigo

92001210300-“Creación dun fondo de adecuación” dos vixentes Orzamentos Municipais.

**VII.-** A Xunta de Goberno local aprobou na sesión ordinaria do 27/12/2019, o acordo “Modificacións puntuais RPT. Fondo de adecuación 2019. Expte 33981-220”, nos termos do informe proposta emitido.

**VIII.-** O citado acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 6, do 10/01/2020.

**IX.-** Rematado o prazo de 20 días hábiles para a presentación de alegacións, segundo o que establece o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; e consultado o sistema informático de xestión de expedientes, salvo erro ou omisión, constan presentadas no período de exposición pública a seguintes alegacións:

. Docs. nº: 200005694, 200015710 (expte 35379-220)

. Docs. nº: 200020026, 200020399, 200020451 (expte 35414-220)

. Docs. nº: 200021374, 200021375, 200021376, 200021378 (expte 35420-220)

**X.-** Nas datas da sinatura electrónica, a Técnica de formación e avaliación, informou as alegacións presentadas co resultado que consta nos exptes: 35379-220, 35414-220, 35420-220, unidos ao expte 33981-220 (Modificacións Puntuais RPT Fondo de Adequación 2019).

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

#### I.- Cuestión previa.-

Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### II.- As relacións de postos de traballo.-

O art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local sinala a necesidade da adecuación das estruturas e dos medios administrativos ós cometidos das entidades locais ó dicir que “sen

prexuízo das disposicións xerais creadas pola Lei, as entidades locais deben poder definir por sí mesmas as estruturas administrativas internas coas que pretenda dotarse, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades específicas e ao fin de permitir unha xestión eficaz”. De conformidade co art. 90.2 da Lei 7/1985, d3 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), “as Corporacións Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública”. Segundo o art. 74 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), “as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos”. Pola súa parte, o art. 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), dispón que “as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”.

### **III.- Procedemento.-**

Dispón o art. 202.2 da LEPG que “previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se achegaron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións achegadas”.

### **IV.- Preceptividade da negociación colectiva.-**

De conformidade co art. 37 do TREBEP, o documento da RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación. Así o art. 37.1.c) inclúe entre as materias obxecto de negociación “*as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos*”. Pola súa parte, o apartado 2.c) deste precepto incide na necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

As propostas foron sometidas a Mesa Xeral de Negociación (sesións 30/04/2019, 06/09/2019 e 24-09/2019).

Consta documento de data 25/09/2019 asinado polas seccións sindicais de UXT, SICO, CIG e CCOO no que se adhíren a proposta do fondo de adecuación presentada na reunión da Mesa de negociación de data 24/09/2019. En data 30/09/2019 o sindicato CSIF remite escrito indicando o seu voto de abstención ao asunto de referencia. Dita documentación figura no expediente electrónico 33981-220 (Trámites 92 e 106)



#### **V.- Motivación técnica e legal da modificación proposta.-**

A presente proposta vén sustentada por dous esenciais aspectos:

- **Motivación técnica:** a estes efectos, efectúase unha remisión expresa aos informes técnicos emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de datos da sinatura electrónica, ao longo do cal se realiza pronunciamento e argumentación técnica sobre a viabilidade técnica e procedencia da proposta.
- **Motivación legal:** o artigo 74 do RD Lexislativo 5/2015, do 1 de outubro, do TREBEP, establece que “las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.

De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do citado Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos. Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-residencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que poida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.

- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outro instrumento de ordenación de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos.

O persoal ao servizo da Administración Local goza dun réxime retributivo legalmente predeterminado nos termos do disposto na lexislación sectorial vixente, como se especifica no propio artigo 93 da xa referida Lei 7/1985, do 2 de abril, no cal se preceptúa que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública; en termos similares se pronuncia o artigo 153.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, cando sinala que a estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos funcionarios da Administración Local rexeranse polo disposto no artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Tal artigo 93 sinala clara e taxativamente que “as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública”(apartado 1), sinalándose de seguido que as retribucións complementarias –transitoriamente vixentes ata que se produza a entrada en vigor do réxime retributivo deseñado polo Estatuto Básico do Empregado Público atendendo ao disposto na Disposición Final Cuarta do mesmo- ateranse asimismo á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado (apartado 2).

O anterior debe ser posto en consonancia co establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, modificado por Real Decreto 158/1996, do 2 de febreiro, en cuxo artigo 1 se efectúa unha remisión ao xa referenciado artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, salientándose a continuación que os funcionarios de Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (artigo que a propia Lei 7/2007, do 12 de abril, deroga expresamente na Disposición Derogatoria Única, apartado b) da mesma, entendendo autores encadrados na doutrina administrativista especializada como MARTÍN REBOLLO, LUIS a procedencia da aplicabilidade directa da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico por defecto de precepto legal específico de carác-



## Concello de Vigo

ter básico, criterio que se comparte debido á súa eficacia práctica e ao seu sustento lóxico na propia Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007).

Con carácter xeral, a lexislación orzamentaria limita eacota o incremento de retribucións do persoalao servizo do sector público, en garantía de sostibilidade e equilibrio financeiro das facendas públicas. Non obstante, indícase que as adecuacións retributivas excepcionais e singulares dos postos de traballo existentes nas Administracións Públicas atópanse expresamente contempladas na lexislación vixente, concretamente na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, en cuxo artigo 18, apartado Siete se establece que:

*“Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.”*

Como referencia xurisprudencialde especial importancia pola súa aplicabilidade ao incremento de retribucións do persoal ao servizo da Administración Local en supostos de carácter singular e excepcional en relación coas relacións de postos de traballo tómase como referencia a Sentenza do Tribunal Supremo (Salado Contencioso-Administrativo, Sección 7 a) do 19 de decembro do 2005, dictada no Recurso de Casación no 596/2000 (Ponente Ilmo. Sr. D. Pablo María Lucas Murillo Dela Cueva) e que constitúe criterio xurisprudencial consolidado e outras restantes resolucións xudiciais en idéntico senso que na mesma se citan (vid. SSTS Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7a, de 20 de outubro (Recurso de casación 797/2001), 13 de outubro (Recurso de casación 3620/2002), 22 de setembro (Recursos de casación 5298/2001 e 3557/2001) e 15 de setembro (Recurso de casación 710/2001).

No fundamento xurídico cuarto da sentenza principal citada, o Tribunal Supremo sinala en canto ao fondo do asunto que *“..... Esta Sala ha tenido la ocasión de pronunciarse en distintas ocasiones sobre la cuestión que aquí se ha planteado: el alcance de las normas contenidas en las Leyes de Presupuestos prohibiendo o limitando los incrementos retributivos dentro del sector público. En particular, lo ha hecho recientemente en varias Sentencias de septiembre y octubre de 2005 a propósito de la impugnación de acuerdos de entes locales aprobatorios de sus relaciones depuestos de trabajo o de sus presupuestos, precisamente, por entender la Administración General del Estado que habían infringido las normas de las Leyes de Presupuestos Generales del Estado que imponían tales prohibiciones o límites. Se trata de las Sentencias de esta Sala y Sección de 20 de octubre (casación 797/2001), 13 de octubre (casación 3620/2002), 22 de septiembre (casación 5298/2001 y 3557/2001) y 15 de septiembre (casación 710/2001).*

*En esas Sentencias se ha dicho, ante normas de contenido semejante a las que aquí se han aplicado, que las previsiones de la Ley de Presupuestos Generales del Estado no contienen límites infranqueables a los incrementos retributivos, como resulta de su propio tenor, ya que contemplan excepciones. En primer lugar, porque las prohibiciones de aumentos en las remuneraciones las establecen en términos de homogeneidad por lo que respecta a los efectivos de personal y a su antigüedad para los dos períodos de comparación, de manera*

*que los aumentos de plantilla pueden determinar incrementos del gasto correspondiente, del mismo modo que las variaciones que se produzcan en la antigüedad del personal. Ha dicho, también la Sala que, cuando no se discute que exista esa homogeneidad, corresponde a quien recurre, el Abogado del Estado, demostrar que el acto impugnado ha incurrido en el exceso legalmente prohibido, mientras que cuando se sostiene por la corporación local que no se dan esos términos de homogeneidad y que están justificados los incrementos retributivos de que se trate, a ella toca la carga de la prueba. Asimismo, ha dicho esta Sala que la adecuación retributiva que las Leyes de Presupuestos Generales autorizan, tiene un carácter singular y excepcional que ha de ser justificado por la corporación local.”*

As xustificacións que se efectúan no informe da Técnica de Avaliación e Formación de data 19/11/2018 e a apreciación das necesidades dos servizos e áreas nas cales se atopan incardinados os postos de traballo obxecto de revisión deberán ser valoradas polo Goberno Municipal aos efectos da aprobación do expediente, indicando o mesmo unha alteración do contido funcional dos postos de traballo obxecto de revisión xunto coa correspondente cuantificación do custe económico asociado, podendo obviamente recabar aqueles informes complementarios que estime procedentes-xuntamente cos informes preceptivos cuxa emisión legalmente proceda- con carácter previo á aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local, órgano que ostenta a competencia para a aprobación da Relación de Postos de Traballo nos municipios suxeitos ao réxime xurídico de grande poboación –e consecuentemente para a aprobación das correspondentes modificacións- e para a xestión do persoal municipal, consonte ao disposto nos artigos 127.1.g) e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

## **VI.- Alegacións presentadas.**

Tal e como figura nos antecedentes de este informe, dentro do período de exposición pública, constan, salvo erro ou omisión, a presentación das seguintes alegacións:

- . Docs. nº: 200005694, 200015710 (expte 35379-220)
- . Docs. nº: 200020026, 200020399, 200020451 (expte 35414-220)
- . Docs. nº: 200021374, 200021375, 200021376, 200021378 (expte 35420-220)

Nas datas da sinatura electrónica, a Técnica de formación e avaliación, informou as referidas alegacións presentadas co resultado que consta nos exptes: 35379-220, 35414-220, 35420-220, unidos ao expte 33981-220 (Modificacións Puntuais RPT Fondo de Adecuación 2019).

Efectúase novamente unha remisión expresa aos informes técnicos emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de datas da sinatura electrónica nos expedientes anteriormente relacionados, ao longo do cal se realiza pronunciamento e argumentación técnica sobre a viabilidade técnica e procedencia ou non de estimación das alegacións.



## Concello de Vigo

. En atención á motivación exposta nos informes emitidos pola Técnica de formación e avaliación, anteriormente referidas, as cales, aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, damos integramente por reproducidas; procede a desestimación da totalidade das alegacións presentadas, incluídas no primeiro parágrafo de este punto (a excepción da sinalada no parágrafo seguinte).

. En atención a motivación exposta pola Técnica de formación e avaliación, procede a estimación da alegación vertida no seguinte documento:

. Doc nº 200015710 (presentado polo funcionario NP 15579), no que se solicita a subsanación do error derivado da omisión do seu posto o cal estaba inicialmente incluído. Segundo o exposto no punto 2º do informe emitido no expte 35379-220, debe modificarse a proposta de acordo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 "Modificacións puntuais RPT: Fondo de Adecuación 2019" (expte 33981-220). Así, onde dí: "*Adecuación retributiva e redención dos postos codg 105 "Administrativo/a", coa asignación do CE Codg 137 e a súa reconversión en posto Codg 379 "Administrativo/a At. Publico Ventanilla", afectando as dotacións nº 10, 12,13,14 e 15"*, debe dicir: "*Adecuación retributiva e redención dos postos codg 105 "Administrativo/a", coa asignación do CE Codg 137 e a súa reconversión en posto Codg 379 "Administrativo/a At. Publico Ventanilla", afectando as dotacións nº 1, 3, 4, 5, 7, 8, 10, 12, 13, 14 e 15"*.

. Por outra banda, e segundo informe técnico de data de sinatura electrónica, expte 35379-220, detectouse erro na proposta inicialmente aprobada, de xeito que, onde dí: "*Reconfiguración do posto 106 Delineante adscrito ao servizo 332 Educación redenomíndolo "Encargado Oficina Técnica de Educación" codg 375, e configurándose economicamente con CD 20 e CE 8"*, debería dicir: "*Reconfiguración do posto 106 Delineante adscrito ao servizo 332 Educación redenomíndolo "Encargado Oficina Técnica de Educación" codg 375, e configurándose economicamente con CD 20 e CE 88"*.

### **VII.- Efectos.-**

O artigo 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece como regra xeral, que os actos administrativos producen efectos dende a data que se diten. Posteriormente, autoriza a posibilidade de que, con carácter excepcional, se poda outorgar eficacia retroactiva á eficacia dos mesmos. Elo, sempre e cando concorran os presupostos que menciona, - cando se diten en substitución de actos anulados o cando produzan efectos favorables, sempre que o suposto de feito existira xa no momento a que se retrotraian os efectos e non se lesionen dereitos o intereses lexítimos de outras persoas-.

A segunda posibilidade é a que concorre no suposto caso, polo que cabe dispoñer como a data de efectos económicos e administrativos das modificacións contidas na presente proposta, a data de aprobación e entrada en vigor dos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2020.

### **VIII.- Sometemento á preceptiva fiscalización previa do expediente.**

No trámite 141 consta informe favorable de fiscalización previo e preceptivo.

Será preceptiva nova fiscalización do gasto conforme ao establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (art. 214). Elo xa que logo, a pesares da ausencia de contido económico da presente proposta, ao estimar parte das alegacións presentadas, enténdese que deberán ser tidas en conta a efectos da xestión económica e orzamentaria.

### **IX.- Competencia.-**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación. O órgano competente para a aprobación da RPT e, polo tanto, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras bases do réxime local.

### **X.- Procedemento e informes preceptivos.**

Segundo se recolle no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6o, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, que:

*“d) En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos:*

*6º Aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal.  
4. La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”*

Por tanto, e a salvo de mellor criterio fundado en Dereito, estímase preceptivo o informe/ conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal segundo o contempla do no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para os concellos con réxime de gran poboación.

No trámite 122 consta informe da asesoría xurídica de data 10/12/2019. Remítese novamente por ser estimadas parte das alegacións presentadas.

En relación ao disposto no trámite 214 (informe asesoría xurídica), nos remitimos ao informado pola Xefatura da Área en data 12/12/2019, (trámite 131).

Visto o anteriormente exposto, no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excmá. Alcaldía de data 18/06/2019 e 20/06/2019, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordos da mesmas datas, sométese á consideración da mesma a seguinte





Concello de Vigo

## PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO.-** Desestimar, en atención aos informes técnicos emitidos nos expedientes (35379-220, 35414-220, 35420-220), as alegacións formuladas nos documentos nº: 200005694, 200020026, 200020399, 200020451, 200021374, 200021375, 200021376, 200021378.

**SEGUNDO.-** Estimar, en base ao Informe técnico de data 31/01/2020, a solicitude e demais informes emitidos no expediente electrónico, a alegación presentada polo funcionario NP 15579, no Doc nº 200015710, modificando a proposta de acordo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 “Modificacións puntuais RPT: Fondo de Adecuación 2019” (expte 33981-220). Así, onde dí: “*Adecuación retributiva e redención dos postos codg 105 “Administrativo/a”, coa asignación do CE Codg 137 e a súa reconversión en posto Codg 379 “Administrativo/a At. Publico Ventanilla”, afectando as dotacións nº 10, 12,13,14 e 15”, debe dicir: “Adecuación retributiva e redención dos postos codg 105 “Administrativo/a”, coa asignación do CE Codg 137 e a súa reconversión en posto Codg 379 “Administrativo/a At. Publico Ventanilla”, afectando as dotacións nº 1, 3, 4, 5, 7, 8, 10, 12, 13, 14 e 15”.*

**TERCEIRO.-** Corrixir, en base en base ao Informe técnico de data 31/01/2020, o erro na proposta de acordo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 “Modificacións puntuais RPT: Fondo de Adecuación 2019” (expte 33981-220).

De xeito que, onde dí: “*Reconfiguración do posto 106 Delineante adscrito ao servizo 332 Educación redénominado “Encargado Oficina Técnica de Educación” codg 375, e configurándose economicamente con CD 20 e CE 8”, debería dicir: “Reconfiguración do posto 106 Delineante adscrito ao servizo 332 Educación redénominado “Encargado Oficina Técnica de Educación” codg 375, e configurándose economicamente con CD 20 e CE 88”.*

**CUARTO.-** Aprobar definitivamente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, en base ao Informe técnico de data 12/11/2019, as solicitudes e demais informes emitidos no expediente electrónico, en canto aos seguintes postos:

- Readscripción dun posto Codg 234 Oficial xardineiro/a do servizo 215 Medio Ambiente ao que se atopa adscrito o empregado municipal NP 82151 ao Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns.
- Readscripción dun posto Codg 236 “Oficial albanel” do Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns ao servizo 215 Medio Ambiente.
- Reconfiguración do posto anterior Codg 236 “Oficial albanel” readscrito ao servizo 215 Medio ambiente, nun posto Codg 338 “Oficial Mantemento instalacións Municipais”.

- Redenominación da unidade organizativa 257 “Limpeza: Recollida de residuos sólidos urbanos” en “Limpeza: Xestión de Residuos”
- Redenominación dun posto Codg 46 “Técnico/a de Administración Xeral” adscrito a unidade 502 “Inspección de Tributos” en “Inspector/a de Tributos/Técnico/a de Administración Xeral”,
- Redenominación do posto Codg 340 “TMSE Padróns Fiscais IAE”, adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos en “Técnico de Xestión Tributaria e Inspección”.
- Redenominación do posto Posto 344 Programador /a xestor/a TICs Tributario adscrito a Dirección de Ingresos (Unidade 500) en “Xestor Tributario TICs-Programador”.
Unión Musical de Valladares	1.360 €
Escola de Música de Beade	1.360 €
Agrupación Musical Atlántida de Matamá	1.360 €
Unión Musical de Coruxo	1.240 €
Lira de San Miguel de Oia	1.240 €
Escola de Música da UVCD de Candeán	1.240 €
Unión Musical de Cabral	1.240 €
As Delicias do Caeiro-Cabral	1.120 €
Ateneo Musical de Bembrive	1.120 €

## ORZAMENTO DAS AÚLAS DE MÚSICA

**XANEIRO A 12 DE MARZO DO 2020 E DE 8 DE XUÑO A 22 DE XULLO DO 2020  
ANEXO II**

ORZAMENTO: "xaneiro a 12 de marzo e 8 de xuño a 22 de xullo de 2020"		
CONCEPTO	GASTO	INGRESO
Subvención da Cancellaría de Cultura		50.100,00
Aportación da Federación		4.240,00
Gasto de monitores e material da clase instrumental de bombardino e tuba	2.520,00	
Monitores e material da clase instrumental de clarinete	6.760,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de fagot	520,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de frauta	2.640,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de gaita	240,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de oboe	1.440,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de percusión	4.520,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de piano	1.680,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de saxofón	5.080,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de trombón	2.360,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de trompa	1.920,00	
Gasto de monitores e material da clase instrumental de trompeta	2.840,00	
Monitores e material da clase instrumental de violonchelo e contrabaixo	2.360,00	
Gasto de monitores e material da clase de música e movemento	2.400,00	
Gasto de monitores e material da clase formación musical complementaria	8.640,00	
Gasto de monitores e material da clase de Práctica de Convunto	4.320,00	
Outros gastos das escolas	2.600,00	
Gastos verais da Federación	1.500,00	
<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>54.340,00</b>	<b>54.340,00</b>



**Concello de Vigo**

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO  
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2020”**

D/Dña.....  
en representación da entidade .....  
CIF ....., con domicilio social en .....  
.....  
de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
correo electrónico .....

**EXPÓN:**

- 1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2020, en.....
- 2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....  
.....

VIGO, ..... de ..... do 2020

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto contra o anuncio de licitación e prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición de zonas verdes do Concello de Vigo. Expte. 12853/446.
  
- .- Expediente de contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI). Expte. 10126/224.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **16(499).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ANUNCIO DE LICITACIÓN E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12853/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:





### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes da Cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes da Cidade de Vigo (PPT).

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 13 de maio de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes da Cidade de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 15 de maio de 2020, publicouse o anuncio de licitación deste procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, e rematando o 1 de xuño de 2020.

**Terceiro.-** En data 1 de xuño de 2020, ó fío de alegacións presentadas polos interesados durante o prazo de presentación de ofertas, o órgano de contratación acordou modificar determinados aspectos do expediente de contratación e *"Iniciar un novo prazo de presentación de ofertas da mesma duración que o inicial, a contar desde o día seguinte á aprobación deste acordo"*. É dicir, que ampliouse o prazo de licitación o derradeiro día do prazo por un período igual ó inicial.

**Cuarto.-** En data 1 de xuño de 2020, o servizo de Contratación enviou a Oficina de Publicacións do Diario Oficial da Unión Europea o anuncio indicando o inicio dun novo prazo de presentación de ofertas. Publicouse no DOUE DO/S S108 o día 5 de xuño de 2020, co número de anuncio 262746-2020-ES.

**Quinto.-** En data 11 de xuño de 2020, D. José María Hernández de Andrés, en nome e representación da Asociación de empresas de gestión de infraestrutura verde (en adiante, ASEJA), en escrito presentado no Rexistro electrónico deste Concello, presenta escrito de alegacións manifestando a falta de publicación do anuncio de licitación no DOUE e solicitando a modificación do prego de cláusulas administrativas particulares, e subsidiariamente que se teña por presentado un recurso especial en materia de contratación se non se estiman as mesmas.

**Sexto.-** En data 16 de xuño de 2020, a adxunta o xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, emite informe sobre as alegacións formuladas por ASEJA.

**Sétimo.-** En data 17 de xuño de 2020, se contestan as alegacións de ASEJA mediante resolución da Concelleira delegada de Contratación, que lle foron notificadas á interesada na mesma data.

**Oitavo.-** En data 19 de xuño de 2020, D. José María Hernández de Andrés, en nome e representación de ASEJA presenta novo escrito no Rexistro electrónico deste Concello, de idéntico contido o citado no antecedente quinto.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

É obxecto da presente impugnación a falta de publicación do anuncio de licitación no DOUE do procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes da Cidade de Vigo e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.

**-II-**

### **Lexislación aplicable**

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.



**Concello de Vigo**

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**-III-**

### **Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello. Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

**Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos anuncios de licitación e os pregos son susceptibles de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad*



*causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal as organizacións empresarias, como a recorrente, ostentan lexitimación activa para recurrir. Neste caso é indubitable que ASEJA, na súa cualidade de organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados, as empresas de xardinería, posúe lexitimación activa.

**C) Como requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O escrito de interposición do recurso deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O escrito de interposición do recurso deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral deste Concello.

**D) Por último, respecto aos requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no rexistro xeral deste Concello en data 19 de xuño. Dado que o anuncio de licitación foi enviado a oficina de publicacións do Diario Oficial da Unión Europea o 1 de xuño, e publicado no mesmo o día 5 de xuño o recurso foi presentado en prazo. Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

### **Motivos de impugnación da resolución recorrida**

O escrito presentado por ASEJA contén dúas alegacións:

- A primeira alegación versa sobre a falta de publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea.
- A segunda alegación manifesta a discrepancia entre o discrepancia entre o Presupuesto Base de Licitación (PBL) e o Prezo de Licitación Anual (PLA) calculado aplicando os prezos unitarios establecidos no apartado 3.G da FEC.

As analizaremos a continuación.

#### **1ª.- Da falta de publicación do anuncio de licitación do procedemento no Diario Oficial da Unión Europea (alegación 1)**

A primeira alegación versa sobre a falta de publicación do anuncio de licitación tras a modificación de determinados aspectos do expediente de contratación. Efectivamente, o procedemento que nos ocupa foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, órgano de contratación do Concello de Vigo, o día 13 de maio de 2020, publicándose o anuncio de licitación no DOUE, e no perfil de contratante do Concello de Vigo, o día 15 de maio e comezando o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día ata o 1 de xuño. No entanto, en data 1 de xuño ó fío de alegacións presentadas polos interesados durante o prazo de presentación de ofertas, o órgano de contratación acordou modificar determinados aspectos do expediente de contratación e iniciar un novo prazo de presentación de ofertas.

Con respecto á esta primeira alegación é preciso aclarar que o anuncio indicando o novo período de presentación de ofertas foi remitido a Oficina de publicacións do Diario Oficial da Unión Europea o día 1 de xuño de 2020 e publicouse no DOUE DO/S S108 o día 5 de xuño de 2020 co número de anuncio 262746-2020-ES, tal como consta no mesmo anuncio. O anuncio unicamente indica o novo prazo de presentación de ofertas por canto non se modificaron ningunha das circunstancias que é obrigatorio indicar no anuncio de licitación. Este continuou publicado no perfil de contratante e engadiuse un novo anuncio indicando este novo prazo de presentación de ofertas.

No perfil de contratante do concello de Vigo aloxado na Plataforma de contratos del Sector Público figura dito anuncio nun documento denominado "Anuncio en el Diario Oficial de la Unión Europea de ampliación de plazos para presentar ofertas".

Procede pois desestimar esta alegación por canto si foi publicado o anuncio.



**2ª.- Discrepancia entre o Presuposto Base de Licitación (PBL) e o Prezo de Licitación Anual (PLA) calculado aplicando os prezos unitarios establecidos no apartado 3.G da FEC (alegación segunda)**

Na segunda alegación ASEJA pon de releve a existencia dunha suposta discrepancia entre o presuposto base de licitación e o prezo de licitación anual calculado aplicando os prezos unitarios establecidos no apartado 3.G da FEC. Parte ASEJA do erro de considerar que estes prezos serviron de base para o calculo do presuposto anual do contrato. O presuposto anual está formado, tal e como se pode apreciar na xustificación do prezo incluída na memoria por esixencia dos artigos 99 e 100 da LCSP, polos seguintes conceptos:

1. Persoal
2. Materiais, maquinaria e vehículos
3. Outros gastos:
  - locais e servizos informáticos e comunicacións
  - combustibles e mantemento
  - outros medios
  - material reposición e consumibles
  - xestión de residuos
  - programa comunicación
  - materiais para traballo da bolsa de horas

Na memoria inclúense cadros desglosando cada un destes conceptos, a súa vez, en cada un dos elementos que comprenden, e un cadro resumen dos custes totais do contrato.

**RESUMO DE CUSTES TOTAIS DO CONTRATO:**

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	TOTAL
<b>1. PERSOAL</b>						
Gastos persoal.	4.517.722,85 €	4.701.303,26 €	4.796.735,71 €	4.839.742,23 €	4.868.976,17 €	
<b>TOTAL GASTOS PERSOAL</b>	<b>4.517.722,85 €</b>	<b>4.701.303,26 €</b>	<b>4.796.735,71 €</b>	<b>4.839.742,23 €</b>	<b>4.868.976,17 €</b>	<b>23.724.480,23 €</b>
<b>2. MATERIAIS, MAQUINARIA E VEHICULOS</b>						
EQUIPO, MATERIAL MÓBIL E FERRAMENTAS	74.250,00 €	74.250,00 €	74.250,00 €	74.250,00 €	74.250,00 €	
VEHÍCULOS E MAQUINARIA	269.740,00 €	269.740,00 €	269.740,00 €	269.740,00 €	269.740,00 €	
<b>TOTAL GASTOS MATERIAIS, MAQUINARIA E VEHÍCULOS</b>	<b>343.990,00 €</b>	<b>343.990,00 €</b>	<b>343.990,00 €</b>	<b>343.990,00 €</b>	<b>343.990,00 €</b>	<b>1.719.950,00 €</b>
<b>3. OUTROS GASTOS</b>						
LOCAIS E SERVIZOS INFORMÁTICOS E COMUNICACIÓNS	48.720,00 €	48.720,00 €	48.720,00 €	48.720,00 €	48.720,00 €	
COMBUSTIBLES E MANTENIMENTO	25.212,00 €	25.212,00 €	25.212,00 €	25.212,00 €	25.212,00 €	
OUTROS MEDIOS	12.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €	
MATERIAL REPOSICIÓN E CONSUMIBLES	188.628,25 €	188.628,25 €	188.628,25 €	188.628,25 €	188.628,25 €	

XESTIÓN DE RESIDUOS	54.000,00 €	54.000,00 €	54.000,00 €	54.000,00 €	54.000,00 €	
PROGRAMA COMUNICACIÓN	26.500,00 €	26.500,00 €	26.500,00 €	26.500,00 €	26.500,00 €	
MATERIAIS PARA TRABALLO DA BOLSA DE HORAS	12.500,00 €	12.500,00 €	12.500,00 €	12.500,00 €	12.500,00 €	
<b>TOTAL OUTROS GASTOS</b>	<b>367.560,25 €</b>	<b>367.560,25 €</b>	<b>367.560,25 €</b>	<b>367.560,25 €</b>	<b>367.560,25 €</b>	<b>1.837.801,25 €</b>
<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>5.229.273,10 €</b>	<b>5.412.853,51 €</b>	<b>5.508.285,96 €</b>	<b>5.551.292,48 €</b>	<b>5.580.526,42 €</b>	<b>27.282.231,47 €</b>
<b>GX + BI (4%)</b>	209.170,92 €	216.514,14 €	220.331,44 €	222.051,70 €	223.221,06 €	1.091.289,26 €
IMPORTE BASE DE LICITACIÓN	5.438.444,02 €	5.629.367,65 €	5.728.617,40 €	5.773.344,17 €	5.803.747,49 €	28.373.520,74 €
IVE 21%	1.142.073,25 €	1.182.167,21 €	1.203.009,66 €	1.212.402,28 €	1.218.786,97 €	5.958.439,36 €
<b>IMPORTE DE LICITACIÓN</b>	<b>6.580.517,27 €</b>	<b>6.811.534,86 €</b>	<b>6.931.627,06 €</b>	<b>6.985.747,45 €</b>	<b>7.022.534,46 €</b>	<b>34.331.960,10 €</b>

Como se desprende do seu análise o presuposto base de licitación non se obtén, tal e como manifesta o recorrente, multiplicando os prezos unitarios fixados para cada unha das tipoloxías de zonas verdes polo número de hectáreas de cada unha, senón da suma dos diferentes conceptos que comprende o prezo do contrato (persoal, maquinaria e outros gastos).

Estes prezos unitarios xa especifica o propio apartado 3.G da FEC que “**serán de aplicación para os descontos por traballos non realizados así como no caso de modificación do contrato**”. É dicir, utilízanse unicamente para calcular:

- O prezo do contrato en caso de modificación do mesmo, por ampliación ou detración de superficie de zonas verdes obxecto do contrato.
- A cantidade a detraer do aboamento de cada mensuralidade do contrato en caso de que o contratista non realice algunha das prestacións obxecto do mesmo.

De feito nesta memoria inclúese un exemplo práctico de como funcionan estes prezos unitarios. As prestacións do contrato vinculadas á conservación e reposición das zonas verdes do parque do Castro ata o momento constitúen o obxecto doutro contrato e unha vez remate este, o 15 de xaneiro de 2021, integraranse no contrato que nos ocupa. Pois ben, ata esta data do importe das mensuralidades a aboar ó contratista detraeranse estas prestacións. Así determina a memoria que “*é necesario minorar os seguintes importes:*”

TIPOLOXÍA DE PRESTACIÓNS	IMPORTE ANUAL
Tipoloxía C	85.076,07 €/ano
Tipoloxía D	27.488,81 €/ano
Tipoloxía E	50.050,83 €/ano

Total do importe: 162.615,71 euros anuais, o que equivale a un importe mes de 13.551,31 €. Polo cal o prezo do contrato para a primeira anualidade, será minorado neste importe men-





**Concello de Vigo**

*sua desde a data de formalización do novo contrato (prevista inicialmente para o 16 de xuño de 2020), ata o 15 de xaneiro de 2021”.*

Informa ó respecto á xefa adxunta do servizo de Montes, parques e xardíns, en data 16 de xuño de 2020 o seguinte:

*“En data 11 de xuño de 2020, a “Asociación de empresas de gestión de infraestructura verde” (ASEJA), presenta ante o Órgano de Contratación, documento nº 200104896, solicitando rectificación dos prezos unitarios que figuran na memoria xustificativa e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) do presente contrato, por entender que existe unha discrepancia entre o orzamento base de licitación e o prezo de licitación anual calculado aplicando os prezos unitarios establecidos.*

*Atendendo ao contido da reclamación sinalada, débese indicar que os prezos unitarios que figuran na memoria xustificativa e, por ende, no PCAP – apartado 3.G das FEC, son prezos de referencia, tal como figura neses documentos que, unicamente se aplicarán as modificacións do contrato (detraccións e ampliacións) e aos eventuais descontos por traballos non realizados, no caso de producirse durante a vixencia do contrato. Polo tanto, estes prezos unitarios son de aplicación de forma individual para as tipoloxías que corresponda en cada momento, polo que non se empregaron para o cálculo do importe total do contrato, que se calcula, tal como se detalla na memoria, mediante a valoración dos diferentes gastos asociados ao mesmo”.*

En consecuencia, procede desestimar esta alegación.

#### **-VI-**

#### **Conclusiones**

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do procedemento por falta de anuncio de licitación e o prego de cláusulas administrativas particulares, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

#### **-VII-**

#### **Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera convinte para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é pro-

bable que o contrato poída adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

#### **-VIII-**

#### **Acordo**

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar o presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(500).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, PARA A XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA (SADI). EXPTE. 10126/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 25/06/2020 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de data 20/06/2020, asinado pola axente de Igualdade, a xefa do Servizo, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

. O Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) ofrece o coidado temporal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, ou persoas responsables, sempre que non se poidan utilizar outros recursos axeitados, ou durante o tempo preciso para acceder a eles. A coidadora infantil é a persoa responsable do coidado e do benestar da/o menor durante o tempo que dura a prestación do servizo.

Trátase dun servizo que ten carácter temporal. Concédese por un período de tempo determinado, mentres duren as circunstancias que deron lugar a súa concesión, ou ben mentres a persoa beneficiaria accede a outro tipo de recursos de apoio estables no tempo, mediante recursos públicos (escolas infantís, servizos escolares, etc.), ou mediante recursos propios (apoios familiares, económicos, etc.).

O servizo ten como fin potenciar e favorecer a formación e o acceso ao emprego remunerado das mulleres da nosa cidade, evitando así que ter ao seu coidado fillos e fillas impida e/



## Concello de Vigo

ou dificulte a desexable independencia económica das mulleres así como a súa participación social e laboral en igualdade de condicións.

Pretende dar cobertura a necesidades sociais detectadas e ofrece atención a mulleres que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, tendo, entre outros propósitos, o de corrixir procesos de exclusión social e promover procesos de inclusión e de participación social.

O SADI ten como obxectivos:

1. Contribuír á harmonización da vida laboral, profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas de violencia de xénero.
2. Favorecer á incorporación das mulleres ao emprego.
3. Fomentar a formación académica e/ou ocupacional das mulleres.
4. Potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades de asociacionismo: anpas, movemento veciñal, asociacións culturais...
5. Acadar tempo propio e persoal específico para cada muller.

. Desde o Servizo de Igualdade xustificouse a necesidade e a idoneidade de tramitar un expediente de contratación mediante contrato maior de servizos previsto no artigo 17 da LCSP por procedemento aberto. A forma de tramitación será a ordinaria con múltiples criterios de adjudicación, conforme o establecido nos artigos 156 e 145 da LCSP. O informe asinouse en data 09.06.2020 pola axente de igualdade de oportunidades, pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira delegada de Igualdade, e con data 10.06.2020 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, e foi incorporado ao expediente.

. Consta no expediente Resolución da concelleira delegada de Igualdade autorizando o inicio do expediente, asinado en data 09.06.2020 pola concelleira delegada de Igualdade, e en data 10.03.2020 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

. Este órgano xestor incorpora ao expediente os seguintes documentos:

- Memoria económica, asinado en data 09.06.2020.
- Prego de Prescricións Técnicas, asinado en data 12.06.2020, incorporando no seu anexo o informe da actual adjudicataria do servizo sobre o persoal adscrito ao mesmo (documento con entrada no Rexistro Xeral do Concello nº W412348-2224), en cumprimento da obriga disposta no artigo 130 da LCSP.
- Memoria Xustificativa asinada en data 12.06.2020.

. En data 12.06.2020 o Servizo de Contabilidade incorpora ao expediente o documento económico de retención de crédito.

. En data 19.06.2020, o servizo de Contratación emite informe favorable sobre comprobación da documentación esixida pola normativa, e asina e incorpora ao expediente o prego de prescricións administrativas particulares (PCAP).

. Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo dúas prórrogas, cunha duración de un ano cada unha.

. Segundo se motiva na memoria xustificativa, o importe do contrato (sen IVE) é de 327.627,56 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas e a posible modificación do contrato prevista, é de 688.017,88 €.

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 360.390,32 € que inclúe un IVE do 10% de 32.762,76 €.

O prezo unitario é o seguinte:

Concepto	Sen IVE	Con IVE(10%)
Prezo unitario/hora diúrno (de luns a venres)	21,69 €/h	23,86 €/h
Prezo unitario/hora nocturno ou fin de semana	23,21 €/h	25,53 €/h

. As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da partida orzamentaria "Sadi Kanguros" 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dos exercicios 2020, 2021 e 2022, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 75.081,32 €, no exercicio 2021 imputarase 180.195,16 € e no exercicio 2022 imputarase 105.113,84 €.

#### **Normativa de aplicación:**

- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación. Art. 156, 157 e 158.

#### **PROPOSTA:**

Polo exposto, e previo informe favorable do servizo de Contratación, Asesoría Xurídica e Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI).

2º.- Autorizar o gasto de 360.390,32 € para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia, que se imputará con cargo á partida presupostaria "sadi kanguros" 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito



**Concello de Vigo**

adequado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2020, 2021 e 2022, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 75.081,32 €, no exercicio 2021 imputarase 180.195,16 € e no exercicio 2022 imputarase 105.113,84 €, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia de data 19.06.2020, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 12.06.2020.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(501).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez